Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 175. Setembro 2020. Distribución gratuíta

Distancia, máscara e xel: comeza o curso escolar máis incerto

Os alumnos e alumnas de Melide e comarca iniciaron o curso escolar 2020-2021 entre a incerteza e as dúbidas que xeran a situación sanitaria actual. Profesores, pais e alumnos tratan de axustarse ao protocolo fixado pola Xunta de Galicia. Nos centros educativos de Melide destaca a preocupación á hora de manter as distancias de seguridade nalgunhas aulas. Mentres, nos colexios do rural ven no reducido número de alumnos que asisten aos centros o seu mellor aliado para combater a Covid. P14

Regresan o *Bono Asetem* e a campaña de *Volta o Cole*

Asetem-CCA pon en marcha un ano máis ambas iniciativas para axudar ás familias no regreso ás aulas e, ao mesmo tempo, dinamizar o comercio da vila . P3

Reabre ao público a oficina de Turismo de Melide

Os técnicos de Turismo destacan o descenso no número de peregrinos que chegan a diario, "entre un máximo de corenta persoas e un mínimo de vinte". P20

EMPRESA
A pandemia da Covid-19 pasa factura á economía de Melide Pxs 8-9

MELIDE
Reabre o mercado agrario e téxtil trala suspensión de tres semanas pola Covid P13

COMARCA
Bota a andar a casa niño de Toques con 4 matriculados e un estrito protocolo P17

ENTREVISTA

Miguel Pulido, *Escala 5.9 Espectáculos* P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O caos da 'volta o cole'

"Volta o cole". Tan só pensalo xa produce vertixe, sensación de caos... e non é para menos se temos en conta o caótico do asunto: o Ministerio aducindo á responsabilidade das Comunidades Autónomas nesta materia, as Comunidades esixindo un protocolo ao Ministerio para un inicio de curso escolar seguro, e ao final uns polos outros e as aulas sen varrer. E por se isto fose pouco, cunha folga convocada para o colectivo docente no inicio do curso escolar.

É curioso como, sabendo que ano tras ano Educación retoma a súa actividade no mes de setembro, a ninguén se lle ocorreu poñerse a traballar antes. Curioso e de vergonza, porque dende logo tempo houbo para planificar a volta ás aulas, para estudar como reducir a proporción de alumnos-profesor e garantir así as distancias de seguridade, para aumentar o cadro de persoal docente e de limpeza se atendemos a cuestións de desinfección, para organizar as quendas de comedor, para distribuír os grupos escolares que viaxan en autobús se o que pretende a Consellería é crear grupos burbulla. Para todo iso houbo tempo. E que temos en cambio? Improvisación.

Entendemos que todo o mundo ten dereito a vacacións; certo, así o recolle o Estatuto dos Traballadores, pero tamén que atravesamos unhas condicións insólitas. Partindo diso entón, non era obvia a necesidade de traballar e negociar un protocolo exhaustivo con todas as partes implicadas para telo a punto no momento de volver ás aulas antes que calquera outra cuestión? Pois non, decidiuse establecer un protocolo en xullo e aplicalo agora en setembro a pesar de que as condicións sanitarias á vista está que para nada son as mesmas. Moi lóxico todo.

Falta de previsión e incapacidade na xestión por parte dos responsables políticos que agora desembocan na máis absoluta desidia deixando á vista as carencias do sistema: faltan recursos humanos e medios materiais. Necesitamos máis docentes, persoal de limpeza, persoal de apoio para os comedores, máis medios de transporte escolar, persoal sanitario para os centros educativos que eviten que os profesores asuman funcións que non lles corresponden, e por suposto recursos tecnolóxicos que garantan a educación telemática en casos de confinamento e corentena.

E que temos pola contra? Un "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 elaborado polas Consellerías de Educación e de Sanidade presentado o pasado xullo" e con pequenas modificacións introducidas en setembro; a substitución días antes de comezar o curso dos conselleiros de Sanidade e de Educación que elaboraron dito protocolo e, por se isto fose pouco, a reunión do novo conselleiro de Educación con toda a comunidade educativa (agora si con todos) o DÍA ANTES! de comezar o curso, disque, para "analizar a situación". Hai que rir por non chorar...

Con este panorama podemos dicir que comeza o curso escolar máis incerto xamais visto coa improvisación como única regra. Iso si, quen vai pagar as consecuencias sabémolo todos: alumnos, pais e profesores.

Tribuna de opinión

Sexamos un dique...

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Rumores, murmurios, mentiras hóuboas toda a vida, pero nos últimos anos a rapidez coa que se estenden e en consecuencia o dano que poden chegar a facer non deixou de medrar. Coa aparición do coronavirus non ía ser menos e os tan maliciosos "bulos" tamén fixeron acto de presenza.

Na comarca, en Melide, miremos a onde miremos seguro que todos coñecemos ou sufrimos algún caso. Nas últimas semanas os máis estendidos son os que afectan a persoas e negocios concretos acusándoos de estar contaxiados de Covid-19 sen ter certeza nin confirmación de tal afirmación.

Pero como vivimos na época do "todo vale", semella que en vez de apelar á responsabilidade que temos cara os demais optamos por difundir deliberadamente suposicións, conxecturas e especulacións que nada teñen de certo sen importar os prexuízos que poidamos causar.

Partindo do feito de que unha persoa se contaxie de Covid-19 non é motivo para sinalala, e moito menos se non é certo, é preciso pensar que esa persoa pode ter un negocio como medio de vida, e que ao verse afectado por este tipo de rumores comece a perder clientes e polo tanto ingresos. E todos somos conscientes de que non está a situación como para perder ou ver reducido o noso medio de vida.

Onde quedaron o respecto e a empatía cara os demais? Onde quedou o sentido común, a responsabilidade individual que temos neste asunto? Así como se nos pide continuamente que evitemos contaxiarnos cumprindo as normas e recomendacións sanitarias, tamén debemos evitar ser parte da cadea de transmisión dun rumor.

E debemos facelo por dignidade e por respecto aos demais, pero tamén por respecto a nós mesmos. Que clase de persoas somos contribuíndo a espallar difamacións? Reflexionemos sobre isto, poñámonos no lugar da outra persoa analizando as posibles consecuencias.

Dende este pequeno espazo apelamos á responsabilidade individual de cada un. Trátase de converternos nun dique onde paren e afoguen os "bulos" e non nunha corrente que axude a propagalos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Veciñal Melidá; Jesús Luaces; Vanesa Martínez; "Veciña de Melide" anónima
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....14
- CULTURA E LECER 19
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Descontos para as familias co *Bono Asetem* e sorteos de 50 euros na *Volta o Cole*

Asetem-CCA ten en marcha este mes de setembro unha edición máis da campaña Volta o Cole, aínda que desta vez de xeito totalmente dixital tal e como está a condicionar a situación sanitaria actual.

Nesta edición a campaña conta con dúas partes diferenciadas: a Volta o Cole xogando con Asetem e inclúese o Bono Asetem.

Volta o Cole xogando con Asetem

A dinámica desta campaña funciona nesta edición por semanas. Así, cada martes, a través das redes sociais de Asetem anúnciase un tema relacionado coa volta o cole, "pode ser a preparación, os primeiros días, as primeiras tarefas –explicou Pilar López, xerente de Asetem-CCA– para que os participantes fagan unha fotografía, un pequeno vídeo ou algo similar relacionado con ese tema".

Os participantes, calquera persoa maior de idade, teñen que enviar ao enderezo electrónico redesasetem@gmail.com ese vídeo ou fotografía acompañado da copia do tícket de compra nalgún establecemento asociado a Asetem. O importe da compra, que deberá estar relacionada con artigos escolares, ten que ser por un mínimo de 10 euros, ben sexa nunha soa merca ou en varias.

"Todas esas fotografías ou vídeos iranse subindo cada semana ás redes sociais de Asetem-CCA, e os luns ás 13.00 horas terá lugar o sorteo a través do xerador automático de números de Google que proporcionará o gañador ou gañadora", explicou a xerente.

Unha vez realizado o sorteo os gañadores recibirán o seu premio, que consistirá nun vale de 50 euros cada semana para volver a investir no comercio local.

A idea inicial é realizar esta campaña durante o mes de setembro, "pero se funciona ben poderiamos ampliala", engadiu a xerente.

Bono Asetem

Un ano máis, a asociación de empresarios pon en marcha o Bono Asetem para todas as familias, sexan numerosas ou non.

Así, por compras realizadas nos establecementos asociados por un valor igual ou superior a 60 euros en artigos relacionados coa volta o cole (libros, material escolar e deportivo, xoguetes, calzado e roupa...), entregarase un bono de 10 euros para familias numerosas e de 6 euros para o resto de familias.

Cumpre salientar que as familias poderán recoller os vales nas oficinas de Asetem a partir do día 5 de outubro e terán de prazo para gastalo novamente en calquera comercio asociado ata o 31 de outubro.

Para recoller os vales será preciso presentar o tícket de compra e o carné correspondente de familia numerosa de ser o caso, ou o DNI en caso de non ser familia numerosa. En calquera das dúas modalidades só se entregará un bono por familia.

Un Mercamelide dinámico, aínda que sen grandes aglomeracións

Pasada a segunda edición do Mercamelide no Camiño dende Asetem-CCA fixeron balance da feira de oportunidades celebrada este ano nunhas condicións inéditas. Se algo coincidiron en sinalar dende a xerencia e dende o sector comercial foi en que "polo menos o evento sobreviviu".

"Eu diría que dentro da situación que estamos vivindo serviu un pouco para axilizar e dinamizar as vendas durante uns días; evidentemente non houbo a alegría doutros anos nin as aglomeracións de xente doutras edicións, pero si que estivo bo tempo e iso favoreceu que se achegase o público a dar unha volta polo cantón", sinalou Pilar López, xerente de Asetem-CCA, que tamén destacou a boa organización. "A verdade é que quedamos moi satisfeitos coa organización en xeral, sabemos tamén que a animación de rúa gustou moitísimo e que os stands por exemplo resultaron moito máis cómodos para os comerciantes que os de anos anteriores, ao igual que a localización no cantón que todos prefiren para a edición de verán", engadiu.

O II Mercamelide no Camiño celebrado no cantón de San Roque desenvolveuse o venres pola tarde, o sábado todo o día e o domingo á mañá e, se ben é certo que a calor apertou fortemente durante as horas centrais do día provocando que a xente non saíse á rúa sobre todo durante a xornada do sábado, o resto dos días o público si se animou.

"Entre as sensacións que me transmitiron os comerciantes destaca a coincidencia en sinalar que tanto o venres pola tarde como o sábado e o domingo á mañá foron bastante bos en canto a vendas; non así o sábado á tarde, xornada que a maioría deles apuntaron como pésima en canto a afluencia de xente e vendas", engadiu.

Cumpre salientar que durante a xornada do sábado visitaron a feira de oportunidades diferentes membros da Asociación de Empresarios da Terra de Melide acompañados de representantes do Concello de Melide e tamén da Deputación da Coruña para amosar o seu apoio ao evento e ao comercio local.

Pensando xa na próxima edición, a de inverno, dende Asetem-CCA cualificaron como "incerto" o futuro da feira debido ás condicións sanitarias que vivimos. "Por unha longa temporada cremos que todo vai estar no aire, veremos de aquí a marzo ou abril do ano que vén como se desenvolven os acontecementos", explicou a xerente.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

VANESA LUGRÍS BETETA

Regaliz Fashion Store *(Rúa Otero Pedrayo, 4 - Baixo, Melide)*

"As mulleres podemos levar talles grandes e ao mesmo tempo vestir de forma alegre, moderna e seguindo as tendencias"

- Que podemos atopar en Regaliz Fashion Store?
- Vanesa Lugrís (V.L.): Moda para muller e tamén algo de complementos, como bolsos, sombreiros e puntualmente algo de bixutería. O que pretendo é, aínda que teña un pouquiño de todo, centrarme en traballar talles de medios a grandes. Logo tamén hai xente que me pide determinadas prendas que ao mellor non teño nese talle, pero que si llas consigo sen problema.

- De que estilo é a moda de Regaliz?
- V.L.: Moda casual, informal... non é moda para eventos por exemplo; está máis centrada no día a día pero sen perder estilo.

- Que horario ten Regaliz?
- V.L.: De momento de 10:00 a 14:00h e de 17:00 a 20:30h. de luns a venres. E logo a fin de semana de 10:00 a 14:00h os sábados e domingos. Despois dependendo de como vaian indo as cousas igual de cara ao outono pecho o luns ou o martes, pero por agora a tenda está aberta todos os días.

- Que balance fai dende que abriu?
- V.L.: Pouquiño a pouco, pero ben a verdade. O que si me gustaría destacar foi a boa acollida que tiven e o ben recibida que me sentín dentro do sector. Só me podo sentir agradecida con respecto a outras persoas do comercio de Melide, que me deron moitos consellos e moi bos, e que me recibiron cos brazos abertos. Nese sentido estou encantadísima de verdade.

- Viña vostede do mundo da moda?
- V.L.: Non, é a miña primeira experiencia no sector. Si teño traballado en algún comercio pero hai xa moitos anos. O último que estiven facendo foi dedicarme á hostalería por conta allea.

- E como acabou decidíndose a emprender neste sector?
- V.L.: A verdade é que xa levaba moito tempo dándolle voltas á idea na miña cabeza, e en canto vin o momento, o sitio e a oportunidade dixen "esta é a miña". Así foi. E en Melide porque eu son de aquí e vivo aquí. Ademais o baixo está moi preto da miña casa así que non podía deixar pasar a oportunidade.

- Non lle asusta emprender nun momento de crise sanitaria como o que vivimos?
- V.L.: Non podes pensar niso. Ademais, isto xa estaba preparado para antes da pandemia; de feito, tiña previsto abrir a fin de semana na que se decretou o estado de alarma. Logo pasou todo o que pasou e xa houbo que esperar. Pero agora hai que seguir e pensar que o vamos intentar igual. Tampouco o mercado laboral vai estar para tirar foguetes así que ímolo intentar e, se sobrevivimos a isto, imos saír moi fortalecidos.

- Como ve o sector do comercio en Melide?
- V.L.: Bastante completo a verdade, moi ben, así que pola miña parte intentarei facer algo un pouquiño máis diferente.

- Por que diría que se diferencia Regaliz?
- V.L.: Pois case diría que por contar con roupa de talles grandes, pero que ao mesmo tempo é moda actual, xuvenil e bonita. O que eu pretendo é que unha muller que use un talle dobre XL por exemplo, non vista de xeito apagado; as mulleres podemos levar talles grandes e ao mesmo tempo vestir de forma alegre, moderna e seguindo as tendencias. Todo iso sen descartar que tamén teño cousas para os talles máis habituais.

- Asociouse recentemente a Asetem-Centro Comercial Aberto, algunha petición en concreto?
- V.L.: No meu caso demandaría máis ben formación, e todo o que se poida para os diferentes sectores, non só para o comercio. A min por exemplo gustaríame saber máis sobre o mundo dixital, redes sociais e todo ese ámbito. Logo en canto a promoción nada que engadir porque vexo que se fan moitas e moi boas iniciativas; aí están as feiras, a Noite Branca, a publicidade que fai Tania Veiras como imaxe... nese sentido non teño peticións, máis ben en canto a formación sexa presencial ou en liña.

casa alongos

"COCIÑA con CORAZÓN"

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.com / info@casaalongos.com
Tfno.: 981 506 392 · Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851

A partir do **1 de outubro**, á parte da carta habitual temos:

- Cocido TODOS OS DOMINGOS
- Menú TODOS OS DÍAS

E tamén:

- Comida para levar (todos os nosos pratos)
- Admitimos reservas
- Chámanos ou por enderezo electrónico

Do 14 ao 30 de setembro os Días Azuis repartirán 16.200 euros en premios

A Federación Galega de Comercio pon en marcha dúas novas edicións da campaña Días Azuis do Comercio Galego para este 2020 co obxectivo de fomentar o consumo e as compras nas tendas de proximidade.

A primeira das edicións desenvolverase entre o 14 e o 30 de setembro, ambos engadidos, e o sorteo dos premios celebrarase ante notario o 7 de outubro; mentres que a segunda edición deste 2020 terá lugar entre o 9 e o 30 de novembro, ambos incluídos tamén, e o sorteo o 4 de decembro.

En canto aos premios, en cada unha das edicións sortearanse 16.200 euros en premios para os clientes, repartidos en tarxetas prepago de 300 euros e 150 euros, para volver a mercar no comercio de proximidade galego.

Cumpre sinalar que rematadas as respectivas campañas, a entrega de premios será comunicada oportunamente dependendo da evolución e das recomendacións e obrigas derivadas da pandemia do Covid-19.

Dinámica da campaña

Como en edicións anteriores, a dinámica da campaña consistirá en mercar nos establecementos do comercio de proximidade (estean ou non asociados a Asetem-CCA) e rexistrar a compra e fotografía do tícket en www.diasazuis.com; ou ben que a rexistre o comerciante en www.diasazuis.com/comercios, duplicando deste xeito a participación do cliente no sorteo.

A iniciativa dos Días Azuis, xa consolidade no calendario do comercio galego, conta para a súa posta en marcha coa colaboración da Xunta de Galicia, ABANCA e as federacións provinciais, asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos de toda Galicia.

Zafiro Tours Melide estrea páxina web



A axencia de viaxes Zafiro Tours Melide estrea páxina web; unha fiestra dixital aberta na rede aos clientes mediante a cal xa poden reservar voos e todo tipo de viaxes dende a casa e a prezos moi competitivos.

Para iso abonda con entrar en http://melide.zafirotours.es, onde se poderá escoller entre diferentes destinos e promocións en canto a voos e aloxamentos.

Con todo, dende Zafiro Tours Melide animan aos seus clientes a seguir acudindo á oficina física, situada na rúa do Convento, para preparar e organizar as súas viaxes, e tamén a chamar por teléfono para resolver calquera dúbida, realizar consultas ou recibir asesoramento na xestión das súas escapadas.

SABER DE LEI

PENSIÓN ALIMENTICIA

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

A pensión alimenticia vén regulada polo art. 142 do Código Civil, na que se define como alimentos todo aquilo que sexa indispensable para o sustento, habitación, vestido, educación e instrución, gastos de embarazo e parto. Polo tanto, todos os gastos básicos do día a día do fillo ou familiar.

A pensión de alimentos debe pagarse aos fillos menores de idade e aos maiores ou emancipados que carezan de ingresos propios por causas alleas a súa vontade.

Este tipo de pensións son coñecidas polos divorcios fundamentalmente, xa que na maioría de ocasións é un motivo de discrepancia. Pero tamén se pode dar en diferentes situacións.

A cantidade a pagar depende dos ingresos dos proxenitores e da localidade na que se resida. Para calcular as contías hai calculadores con carácter orientador; o Consello Xeral do Poder Xudicial ten un calculador que facilita este cálculo, unha aplicación informática online de táboas.

Unha pregunta habitual é a de, ata cando se ten obriga de pagar unha pensión de alimentos? Pero non ten unha resposta doada. A maioría de idade dos fillos non determina a extinción da citada pensión, de modo que, mentres convivan no domicilio familiar e carezan de ingresos propios, deberá manterse, así como cando finalizasen os estudos, instrución e formación por causa que non sexa imputable. Sempre e cando se dea un aproveitamento deste tipo de formación, estaremos dentro do suposto que obriga a prestar alimentos. Polo que a maioría de idade non é a causa de extinción desta pensión.

A lei non establece un límite de idade, dependerá das circunstancias particulares de cada caso e as circunstancias socioeconómicas do momento temporal no que se postulan os alimentos. Non cabe polo tanto fixar un prazo de aplicación automático sen valorar as circunstancias concorrentes, e así se reitera polos Tribunais. A dificultade para atopar emprego ou o non remate dos estudos poden ser motivos suficientes como para seguir tendo a obriga da pensión compensatoria por parte dos pais.

Unha sentenza curiosa sobre o tema é o caso resolto pola Audiencia Provincial de Málaga, secc. sexta, na sentenza de 19 de xullo de 2012, onde a desidia do fillo de 26 anos para a dedicación aos estudos que lle permitisen acceder ao mercado laboral determinou o cese da obriga de seus pais de prestarlle alimentos, manténdoo na casa. Este fillo, de 26 anos, sen desempeñar ningún tipo de traballo vivía no domicilio de seus pais os cales seguían sufragando os seus gastos. Chegaron a comprarlle un coche polo que pagaban 235 euros ao mes.

O mozo aínda estaba no primeiro curso de dereito con tan só tres materias aprobadas. Debido a tal situación a relación cos proxenitores era mala e atopábase moi deteriorada. Ante unha insostible convivencia foi necesario poñer fin ao mantemento deste fillo na casa dos pais, pero acordouse que se lle aboase unha pensión temporal de 200 euros por un período de dous anos.

Non en todos os países isto é así, senón todo o contrario. En Italia, a Corte di Cassazione Italiana ditou unha sentenza recentemente, na que segundo esta, é obrigatorio para os fillos encontrar traballo despois dos estudos, de forma que os proxenitores só deberán asumir os gastos dos seus fillos ata que estes rematen os seus estudos. Pretendendo de tal xeito motivar aos xoves para encontrar emprego, sexa cal sexa, pero un emprego, sen esperar a atopar aquel soñado.

A Xunta convoca as axudas ao Plan Moves para fomentar a mobilidade eficiente e sostible

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a convocatoria de axudas da segunda edición do Plan Moves para fomentar unha mobilidade eficiente e sostible; un programa que contará cunha dotación orzamentaria de 5 millóns de euros.

As entidades colaboradoras poden solicitar, dende o venres 11 de setembro, a súa adhesión ao programa, mentres que o prazo para a presentación de solicitudes ábrese o 1 de outubro e rematará o 10 de setembro do próximo ano.

Catro liñas de axudas

En total, o Plan Moves inclúe catro liñas de axudas. A primeira delas para a compra de vehículos alternativos eléctricos ou furgóns e camións con propulsión alternativa de gas ou GLP, para a que se reserva un total de 2,2M€. En concreto, apoiarase a compra dunha moto eléctrica con axudas de ao redor de 700 ou 750 euros e de cuadriciclos eléctricos con 600-800 euros.

Os turismos e furgonetas recibirán entre 1.600 e 6.000 euros por parte da Xunta e outros 1.000 polo fabricante, mentres que poderían recibir 750 euros adicionais no caso de persoas con mobilidade reducida ou se achatarran un vehículo anterior ao 1 de xaneiro do ano 2013.

En canto aos furgóns, camións e autobuses eléctricos ou de pila de combustible poderán optar a axudas de entre 5.000 e 15.000 euros mentres que os furgóns e camións a gas ou GLP poden recibir apoios de entre 1.800 e 13.500 euros. Esta medida está destinada a persoas físicas, autónomos, comunidades de propietarios, empresas e sector público.

Como novidade, amplíase o orzamento por vehículo que será de 45.000 euros ou 53.000 no caso de vehículos de oito prazas para fins sociais. Prevese a incorporación de 650 vehículos sostibles ás estradas galegas.

A segunda liña de apoios destinarase á instalación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos e contará cun orzamento de 2M€. As axudas están dirixidas tanto a empresas como autónomos, particulares, comunidades de propietarios e sector público cun límite máximo de 100.000 euros. Agárdase apoiar 300 instalacións.

A terceira liña apoiará a implantación de sistemas de préstamos de bicicletas eléctricas, para a que se reservarán 200.000 euros. Os beneficiarios poderán ser tanto públicos como privados e o límite será de 100.000 euros. As axudas están destinadas a autónomos, empresas e sector público.

Por último, o cuarto tipo de apoios ten como obxectivo a implantación de plans de transporte aos centros de traballo e conta cun crédito de 600.000 euros. A medida tamén está pensada para autónomos, empresas e sector público.

Melide abona as facturas aos seus provedores nunha media de día e medio

O Concello de Melide abona as facturas aos seus provedores nunha media de 1,65 días dende a aprobación correspondente da factura, segundo o dato feito público polo servizo de Intervención o pasado 28 de xullo, referíndose ao segundo trimestre do ano, que vai dende o mes de abril ao de xuño.

Esta cifra extráese do último informe trimestral elaborado polo servizo municipal encargado das contas, que cada tres meses está obrigado a informar á Administración estatal da situación da facenda local.

O concelleiro de Facenda do Concello de Melide, Xosé Igrexas, explicou que "con estes datos cúmprese co obxectivo primeiro de ter ao día o pago aos provedores e segundo, ser áxiles nos pagos dos mesmos" e engadiu que "os datos deste segundo trimestre son os mellores rexistrados na nosa administración local dende hai anos".

Menú do día con produtos locais e de temporada en O Tobo do Lobo

Unha opción máis na vila onde poder atopar o menú do día, iso é o que ofrece o Tobo do Lobo en Melide dende a súa reapertura o pasado mes de xullo. De luns a venres, ao mediodía, os consumidores teñen dispoñible un menú variado no que priman os produtos de temporada e locais.

"É un menú que uns días vai cambiando e que outros días ao mellor repetimos, todo en función dos produtos que imos comprando ou dos que dispoñemos, que por regra xeral son frescos e que tamén procuramos que sexan locais", explicou Miguel Ángel Liboreiro, responsable do negocio.

Pese a seguir traballando un pouco máis a carta, ata o mes de agosto a acollida do menú foi boa, tal e como indicaron dende O Tobo do Lobo. Non obstante, coa aparición e aumento de contaxios por Covid-19 na vila durante as últimas semanas, o volume de traballo foise reducindo. Aínda así, o menú do día chegou a este restaurante de Melide para quedarse.

"Nos tempos de Covid que nos toucou vivir pensamos que había que buscar un pouquiño máis a xente do día a día e da zona, do pobo, por iso comezamos co menú diario, porque todo isto deixounos claro que o turismo está moi ben, pero que non pode ser a base do negocio", engadiron dende o restaurante.

O Tobo do Lobo, situado na rúa Luís Seoane, dispón de menú do día de luns a venres en horario de 13.00 a 15.45 horas. As reservas poden facerse a través do 981 507 773.

Tania Veiras, imaxe de Asetem-CCA, lanza un vídeo para promover o sector

Era unha das accións contempladas dentro do acordo de colaboración coa artista galega Tania Veiras como imaxe de Asetem-CCA; un vídeo para promover o tecido comercial e empresarial da vila.

"Toda acción que dinamice os nosos negocios é pouca nun momento como o que atravesamos –destacou Pilar López, xerente de Asetem-CCA–, de aí que lancemos xa este vídeo para animar ao sector, aos consumidores a que nos visiten e, por que non, tamén para transmitir unha mensaxe de confianza e seguridade dos establecementos", engadiu.

A produción audiovisual, na que aparecen numerosos negocios asociados a Asetem-CCA, xa pode visualizarse nos distintos perfís sociais da asociación de empresarios e tamén nas redes sociais da artista.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

A situación epidemiolóxica en Galicia non é boa e lonxe de mellorar semella que empeora co paso dos días. Os casos de coronavirus en activo non deixan de medrar e con este panorama a economía tamén se ve prexudicada.

Melide é tan só un municipio dos múltiples que podemos tomar como exemplo; unha localidade que sofre as consecuencias económicas dos numerosos casos de Covid-19 xurdidos dende o pasado agosto, cando a mediados de mes se detectaron sete positivos relacionados con dous gromos na vila. A partir de aí o Servizo Galego de Saúde (Sergas), tomaba a decisión de realizar un cribado efectuando probas PCR a uns 1.000 mozos de entre 18 e 30 anos co obxectivo de frear a expansión do virus na localidade.

Pero lonxe de dar por controlada a situación a cifra de positivos por coronavirus seguiu aumentando e iso impuxo a corentena de novo en Melide, obrigatoria nuns casos e por vontade propia e precaución noutros.

As consecuencias? O peche temporal (e nalgúns casos definitivo) de numerosos negocios da vila que se traduce en cuantiosas perdas económicas. A isto hai que sumar o inicio de curso escolar máis incerto dos últimos tempos que tamén está a frear as vendas no sector.

Coñecemos as experiencias dalgúns afectados.

A outra 'factura' da crise sanitaria da Covid en Melide

Cafetería CHAPLIN

Ceferino Lobato

"Agosto foi como un mes de inverno; en vez de haber un decembro, houbo nove decembros"

Moito terían que cambiar e mellorar as cousas para que a Cafetería Chaplin, en pleno centro de Melide, non bote o peche definitivo ao negocio a finais deste mes de setembro.

Así o recoñeceu Ceferino Lobato, quen tras 35 anos ao fronte do establecemento ve como as expectativas de continuar coas portas abertas é misión imposible.

"As vendas baixaron entre un 80 e un 90%, seguen vindo peregrinos, pero non é ese volume de antes, e para manter o negocio aberto tería que baixar a renda polo menos un 50%, teriamos que pagar menos impostos... son moitas cousas e non se gana o suficiente para afrontar todos eses gastos", asegura.

Ante este futuro incerto, Ceferino Lobato prefire pechar definitivamente o seu local de hostalería "moi sentidamente despois de 35 anos".

Despois do confinamento a Cafetería Chaplin foi un dos establecementos hostaleiros que preferiu atrasar a súa reapertura. Con todo, nin o mes de agosto, sen celebracións do San Roque e coa aparición de múltiples contaxios por Covid na vila, serviu para salvar a temporada. "O mes de agosto foi como un mes de inverno, digamos que en vez de haber un decembro houbo nove decembros; para nós, para o que é a cafetería foi un mes moi duro, moi difícil, e se pensamos no futuro de cara ao Xacobeo creo que as expectativas serán aínda peores. Os peregrinos chegan a contagotas, e se a economía vai a peor, para o ano será aínda máis xusta a cousa".

Sensación amarga de despedida que non impide a Ceferino facer un chamamento á responsabilidade. "Non podemos escudarnos en que outros Concellos tamén teñen coronaviurs, andar mirando se Arzúa ten, Lalín ten ou Sobrado ten; Melide ten que responder por si mesmo, e a responsabilidade é de cada un de nós, porque ademais a situación seguramente se vaia a poñer aínda máis difícil e máis negocios acaben pechando".

MEIXELA Centro de Estética

Nuria Carreira

"Abrimos de novo, pero con medo por se volve a pasar algo e temos que pechar outra vez"

Neste caso, o negocio de Nuria Carreira, Centro de Estética Meixela, viuse obrigado a pechar as súas portas durante 15 días para cumprir a corentena obrigatoria despois de detectar un positivo por Covid no centro.

"Estabamos cumprindo todas as medidas de prevención, toma de temperatura, dobre máscara, pantalla protectora, incluso cando comezaron a aparecer os brotes deixamos de realizar tratamentos nos que a clienta tivese que retirar a máscara, ata que o día 19 de agosto me avisou a miña compañeira de que no cribado que realizou o Sergas en Melide deu positivo. Foi un shock, pensei incluso que era unha broma. A verdade é que non sabes como reaccionar, tes medo, pero hai que afrontalo. Ela está ben, tivo algo de perda de olfacto e de gusto, pero está ben, iso é o principal, e inmediatamente xa pechamos o centro".

Despois de pechar o establecemento Nuria tamén se someteu ás probas. "A min tamén me chamaron para realizar a PCR, e o meu resultado foi negativo", explica.

Momentos despois, Nuria comezou a avisar a todas as súas clientas. "Estaba moi nerviosa a verdade, e aínda que dende o Sergas me pediron tranquilidade, xa que era moi pouco probable que houbese transmisión debido a que cumprimos con todas as medidas de seguridade, eu preferín avisar a todas as clientas".

Exceptuando algún caso, a resposta por parte da clientela foi boa. "Sempre hai quen non o asimila ben, e incluso che colga o teléfono, pero en xeral a actitude das miñas clientas foi moi boa, tentando tranquilizarme elas a min", di Nuria.

Agora, rematado o período de corentena e tras realizar un profundo labor de desinfección no local, Nuria volveu a abrir as portas do seu negocio o pasado 4 de setembro; e fíxoo con ganas de novo, pero tamén "con medo por se volve a pasar algo así e temos que pechar outra vez, ademais somos conscientes de que igual a xente ten medo a volver ao centro".

Pero nada máis lonxe da realidade, e é que trala volta ao traballo a resposta dos seus clientes foi moi positiva. "A verdade é que teño que dicir que a xente está respondendo moi ben; é certo que hai unha porcentaxe moi pequena que amosan algunha dúbida e que me din que virán máis para diante, pero en xeral moi ben e coa axenda completa, así que súper agradecida".

Librería COUSAS

Ramón Vidal

“A reserva de libros mantense, pero a venda de material escolar é practicamente nula”

O gremio dos libreiros tampouco escapa á situación actual. De cara ao inicio do curso escolar deberían estar traballando a pleno rendemento mais, dende os establecementos apuntan a unha situación “moi lenta”.

“Todo vai moi lento, lento no sentido de que os colexios de momento si sacaron as listas dos libros, pero en canto a material escolar non sacaron nada, cando estes anos sempre nos tiñan as listas preparadas”, explica Ramón Vidal de Librería Cousas.

“É evidente que de momento dende os colexios están pensando máis en como van afrontar a situación, en como vai ser o curso e as medidas que teñen que tomar, que no material escolar. Eu mesmo falei con algúns directores e non saben nada, non teñen información por parte da Administración sobre nada, e claro, isto é unha cadea, se eles van con atraso, nós tamén”, engade.

Ademais, destaca Ramón que pais e nais tampouco se están a apurar á hora da compra. “Vemos que os pais tampouco se apuran porque teñen dúbidas, moitos pensan que igual non comeza o curso, ou igual si; ou mesmo comeza e logo o suspenden, quen sabe, tal e como está todo isto”.

En canto ás vendas, explica Ramón que en comparación con outros anos si se manteñen as reservas de libros practicamente igual, pero en canto a material escolar a venda é nula.

Deixando a volta ao cole a un lado, dende que comezou a pandemia Ramón recoñece que o negocio tamén se viu afectado, “as vendas non son o mesmo, tamén baixaron un pouco”, destaca.

Librería VICTORIO

Pilar Varela

“Pasamos de traballar a un 90% outros anos a cubrir o imprescindible para este curso”

Exactamente o mesmo coincide en sinalar Pilar Varela, de Librería Victorio, quen subliña a lentitude existente tanto á hora de comprar material como á hora de reservar os libros de texto.

“Á parte de ir moi amodo a xente non se apura a comprar, hai moito menos movemento que o ano pasado, e iso que este ano dan os cheques de primeiro e segundo de primaria, e á parte os de material escolar para todos”, resalta.

Nesta libraría de Melide pasaron de “traballar a un 90% outros anos a cubrir o básico, o imprescindible e nada máis” para este curso. Tal e como explica Pilar, “si é certo que veñen a reservar os libros de texto, pero vese que a xente non se apresura, algo que é lóxico tamén se temos en conta que ninguén sabe o que pode pasar”, engade.

Para este comercio o movemento prodúcese ademais ás mañás, “cando a xente sae a facer algún recado, pero as tardes están sendo excesivamente paradas”.

TU BOUTIK

Lila Quinteiro

“De aquí ao ano que vén quen subsiste todo o inverno? Vexo un futuro moi complicado”

Outro dos sectores que non é alleo ás consecuencias derivadas da crise sanitaria do Covid-19 é o do comercio, especialmente aquel relacionado coa moda para eventos. Sábeo ben Lila Quinteiro, de Tu Boutik, que dende que reabriu a súa tenda o pasado mes de abril fai un balance “moi negativo”.

“A estas alturas tería que ter comprado todo o 2021 de festa e as casas están paralizadas; non sabemos o que vai pasar nin o que imos lanzar outra vez á rúa”, explica. Do verán fai unha análise semellante. “O verán foi crítico, moi crítico, non houbo movemento, a xente colleu medo e non fixo o gasto para eventos que normalmente viña facendo. Moitos que ían a celebrar ao final suspenderon porque tiveron contaxios na familia”.

Con esta situación as vendas víronse reducidas de forma importante, asegura. “Por poñerche un exemplo, en febreiro xa tiñamos vendas feitas para numerosos eventos dos cales ao final só se levaron a cabo cinco; e primeiras comuñóns poderiamos chegar a ter unhas vinte, pero que ocorreu coas comuñóns, que pasaron de levar a toda a familia a levar aos máis íntimos nada máis, e iso tamén supón perdas”.

Ante esta realidade as expectativas non son nada boas. “Aínda nos queda algunha voda para finais de outubro e comezos de novembro, e tamén algunha comuñón, pero se isto empeora poden suspender todo no último momento”, lamenta.

De cara ao futuro, Lila observa os acontecementos con preocupación a curto e medio prazo. “De aquí ao ano que vén quen subsiste todo o inverno? Porque os meses pasan e a Seguridade Social hai que pagala, o alugueiro hai que pagalo, os impostos hai que pagalos... non sei como será, pero vexo un futuro moi complicado”.

Dende este comercio melidense apostan por seguir adiante “sen medo, pero con respecto” ao virus do Covid “porque hai que seguir vivindo”.

días azuis
DO COMERCIO GALEGO
EDICIÓN SETEMBRO

Mercar no comercio local ten premio

Do 14 ao 30 de setembro

16.200€
en premios

tarxetas prepago de 300€ e 150€

Sorteo ante notario 7 de outubro de 2020

COMERCIO SEGURO

Como participar?

1 Merca no comercio galego de proximidade

2 Rexistra a túa compra en www.diasazuis.com

3 Garda o teu ticket

Tamén podes solicitar ao comerciante que rexistre a túa compra en www.diasazuis.com/comercios, e duplicar as túas opcións de gañar

Séguenos en
#díasazuis
@comerciogalicia
Federación Gallega de Comercio

FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO
XUNTA DE GALICIA
Colaboran
ABANCA Novogal comerciogalicia.es

Campaña Días Azuis do Comercio Galego. Federación Galega de Comercio. Ronda Muralla. 52-Ent. D. 27002-Lugo. CIF: G-27170158.
Información a bases da campaña en www.diasazuis.com |Bases depositadas ante notario| ou no teléfono gratuíto 900 103 087

As xestorías denuncian sobrecarga de traballo derivada das Administracións

Critican o caos no SEPE á hora de xestionar os ERTE e a inexistencia de comunicación ante calquera incidencia

Oficina de Emprego de Melide

Falta de asistencia, de soporte e de recursos, sobrecarga de traballo asumindo funcións das Administracións que non lles corresponden, e en definitiva caos, iso é o que denuncian os profesionais das xestorías con respecto aos trámites que se viron obrigados a desenvolver nos últimos meses.

Eva Camba, que traballa na asesoría CC Xestión de Melide, relata o descontrol existente e destaca que non é un problema illado de Melide senón común a todo o sector. "Estamos sobresaturadas porque estamos facendo o traballo da Administración; como quen di, somos os seus escravos porque estamos realizando os trámites que deberían estar facendo os funcionarios".

Entre eses trámites sinala sobre todo os relacionados co Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE, o antigo INEM), como son por exemplo a solicitude das prestacións aos traballadores dende que comezou a pandemia. "Antes o traballador acudía á Administración e a Administración era a que procedía, sobre todo no relacionado co INEM; pero que fixo o INEM? pasarnos un formulario tipo ao que nos temos que adaptar sen mover nin unha soa coma para remitilo e que eles simplemente teñan que volcar os datos –explica– cando iso non era un traballo noso e cargá-ronnolo sen máis", engade.

Con todo, dende a asesoría insisten en que a sobrecarga de traballo non é o peor, pois é tal o caos instalado na Administración que unha vez realizados os trámites tampouco se procede correctamente ao pagamento das prestacións. "Temos xente –relata Eva– que se incorporou a media xornada dun ERTE a finais de maio, e en agosto seguíanlle pagando a prestación completa; e aínda por riba diso anuncian que o SEPE vai empezar a mandar por notificación telemática aos traballadores un aviso para que devolvan esas prestacións cobradas indebidamente, e que se non as devolven no prazo de un mes que lle cobrarán un recargo do 20%. A min non me parece normal sabendo que por encima de que non fan ben o seu traballo te ameacen con cobrarche un recargo".

Multitude de casos e sen resposta por parte da Administración

Nesta asesoría de Melide os exemplos de descontrol cos que se viron obrigados a batallar son numerosos. "Houbo xente á que a mediados de maio lle pagaron un anticipo do ERTE e ao cabo duns días retiráronllo da conta, xente que se incorporou a media xornada e deixaron de pagarlle a prestación, outros que se incorporaron a media xornada e cobraron a prestación completa".

E non só iso, pois no momento no que dende a xestoría se tentou solucionar a incidencia non obtiveron resposta da Administración por ningún lado. "Houbo traballadores que viñeron a dicirnos que estaban cobrando mal a prestación así que mandamos correos de incidencias e nin resposta obtivemos; foron ao INEM os traballadores e chegaron a dicirlle que non había nada presentado cando dende o propio INEM xa chamaran antes para confirmar o número de conta; é todo un esperpento, e quen o está pagando son os traballadores e nós con sobrecarga de traballo e sen ter a quen acudir, para que encima despois te ameacen con que che van a cobrar un recargo por algo que eles non tramitaron ben".

É tal a impotencia que manifestan dende esta asesoría que reclaman solucións por parte da Administración tales como "asistencia real" a onde poder dirixirse. "Vexo que por unha parte a Administración e os funcionarios quérennos ás asesorías para que lle fagamos de intermediarios cos cidadáns –apunta Eva–, pero por outra parte estorbámoslle cando temos consultas e necesidade de información e soporte; e é aí onde se perde a comunicación con eles, non queren saber nada de nós", e engade "están burocratizando tanto a asistencia que nos están facendo o noso traballo moi difícil; é misión imposible contactar con alguén, perdémonos entre e-mails que van e veñen cando antes había cousas que cunha simple chamada xa se solucionaban".

Implicación do funcionariado

Nun momento de colapso da Administración do Estado como o actual, dende o ámbito das asesorías non entenden como a implicación do funcionariado non é maior. "É surrealista que traballadores como os dun supermercado seguisen traballando en todo momento, ou que abrisen os bares, e que sen embargo os funcionarios non estean dispoñibles", lamenta Eva, que tamén achaca este atasco nas xestións das Administracións a unha posible falta de persoal e a certa acomodación.

"Percibimos esa acomodación –di– porque en xeral, non só dende o INEM, senón dende a Seguridade Social e dende outras Administracións, cada vez estannos empaquetando máis trámites ás xestorías que deberían facer eles. E non só iso, cada vez a comunicación coas Administracións é menor", conclúe.

Máis información e comunicación máis fluída entre Administracións e cidadáns

Un exemplo concreto da falta de comunicación que actualmente rexe entre a Administración e os cidadáns e asesorías atopámolo no caso dunha veciña de Melide. Esta veciña, que prefire manterse no anonimato, leva meses agardando a que lle resolvan a súa solicitude de prestación por desemprego.

"No meu caso fun á oficina do SEPE aquí en Melide e solicitei o paro en prazo, pero como a empresa non me deu de baixa e non presentou o certificado que tiña que presentar, pois non me dan unha solución. Só me din "nós aquí non facemos baixas", e nin me redirixen a ningún outro lado nin nada. Faláronme da Seguridade Social, pero resulta que na Seguridade Social tampouco me collen o teléfono, se mandas correos electrónicos e non van especificamente dirixidos á área que teñen que ir xa chos devolven; é un caos e unha desesperación".

Despois de meses nesta situación, dende o propio Servizo Público de Emprego Estatal contactaron coa afectada para comunicarlle que tiñan a súa solicitude do paro, pero que non a podían tramitar e que tampouco podía estar así de forma indefinida. "É un documento que non me corresponde a min presentar, senón á empresa; e así estou sen solución, co SEPE dicíndome que as baixas as atende a Seguridade Social, e a Seguridade Social sen atender o teléfono, e non só iso porque ademais tamén cobrei un ERTE cando non me correspondía e iso que o avisei", di.

Con todo isto, esta afectada tratou de buscar alternativa informándose nunha xestoría. "Ao final é o que che queda, acodes a unha amiga que traballa nunha xestoría e acaban facéndoche o traballo que terían que facer no INEM, porque non che tramitan pero tampouco te informan, e xa non che digo nada como teñas que realizar algún trámite con certa celeridade, esquécete que non che dan solución e pásaseche o prazo sen que lles importe".

Máis información e unha "comunicación moito máis fluída" é o que demanda esta veciña para que as Administracións comecen a funcionar como deberían, "tal e como están facendo o resto de traballadores", reclama.

Aproban o servizo Xantar na Casa

O Concello de Melide aprobou en pleno, por unanimidade, o regulamento para a concesión do servizo de Xantar na Casa, co obxectivo de mellorar a atención ás persoas maiores e/ou persoas en situación de risco de exclusión social.

A aprobación inicial estará a exposición pública durante un mes para posteriormente pasar a súa posta en funcionamento dentro dos servizos municipais.

O programa Xantar na Casa ten como obxectivo principal mellorar a calidade de vida das persoas que teñen unha serie de limitacións que lles impiden ter unha adecuada cobertura alimenticia, prestándolles apoio dentro do propio domicilio.

Este apoio consiste nun servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores ou dependentes.

Tal e como explicou a concelleira de Política Social, Carmen Liñeira, en declaracións a Radio Melide, "os propios usuarios de Xantar na Casa recibirán a comida personalizada no seu domicilio dúas veces por semana mediante un sistema de refrixeración que permitirá a súa perfecta conservación".

Conservación das vías públicas e tecido social

Nese mesmo pleno extraordinario celebrado en agosto aprobouse inicialmente ademais a ordenanza para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de extracción de madeira (cos votos a favor do equipo de goberno e a abstención do PP), e a ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social (neste caso por unanimidade).

Cruce de acusacións

O modo no que se convocou o pleno extraordinario motivou ademais que o grupo municipal do Partido Popular de Melide e o Goberno local se cruzasen acusacións.

Segundo apuntaron os populares o PP local tivo coñecemento da celebración do pleno extraordinario "polo Instagram do Concello". A este respecto sinalaron que "é lamentable que se chegue a perder o respecto institucional ata este punto" e presentaron unha queixa formal ante a Valedora do Pobo.

Pola súa parte, dende o Goberno local do Concello de Melide consideraron as acusacións dos populares "totalmente falsas e indecentes", e recalcaron que o Concello de Melide convocou de forma telemática segundo marca a lei, tal e como pode comprobarse en toda "a documentación que figura no expediente do pleno", insistiron.

Unha mesa redonda sobre a etiquetaxe en galego reunirá a empresarios da comarca

Os nosos produtos, en galego é o título da campaña que o Concello de Melide, en colaboración coa Asociación de Empresarios da Terra de Melide, o Foro Enrique Peinador e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, acaba de poñer en marcha para dinamizar a lingua galega na etiquetaxe dos produtos da comarca.

A iniciativa comprende diferentes accións como a elaboración e difusión dun cartel e un díptico informativo; ademais da celebración dunha mesa redonda que terá lugar o xoves 24 de setembro ás 19.00 horas na Casa da Cultura de Melide.

A mesa estará integrada polo alcalde do Concello de Melide, José Manuel Pérez Penas; o presidente da Asetem, Manuel Vázquez García; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o presidente do Foro Peinador, Xosé González Martínez; e a directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal.

Pola súa banda, os empresarios que formarán parte da mesa redonda serán José Antonio Mejuto, de Casa Mejuto (Melide); Carmela Valiño, socia-fundadora da Cooperativa Milhulloa (O Coto-Palas de Rei); Cristina Codesido, fundadora e conselleira delegada de Vermutería de Galicia-Petroni; e Lito Andión, xerente de Cooperativa Hoxe.

A campaña *Os nosos produtos, en galego* ten tres obxectivos fundamentais: relacionar os produtos agroalimentarios da Terra de Melide coa lingua galega, animar os/as consumidores/as a consumir produtos da comarca (e galegos en xeral) e promover a creación de emprego no rural.

Achegas de 300 euros por fillo ou filla para fomentar a natalidade en Melide

A Xunta de Goberno Local do Concello de Melide aprobou renovar a axuda de 300 euros para beneficiar as familias que tiveran fillos ou fillas ou adoptasen nos últimos meses.

Trátase dunha medida que se pon en marcha por cuarto ano consecutivo e que pretende servir de axuda para os veciños e veciñas que deciden ampliar a súa familia e afincarse en Melide.

A partida orzamentaria para facer fronte a esta liña de axudas será de 15.000 euros e terá capacidade para xestionar todos os expedientes ata que se esgote o orzamento ao efecto.

Requisitos

As familias beneficiarias serán as que teñan un fillo ou filla, ou adopten, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2019 e o 31 de outubro de 2020.

Será Servizos Sociais, xunto cos propios interesados, os encargados de xestionar esta axuda que terá que cumprir estritamente co regulamentado: os nados e nadas deberán ser empadroados en Melide xunto con un dos seus proxenitores, que a súa vez deben estar empadroados na vila cunha anterioridade mínima de 6 meses.

Ao recibir a axuda, o particular estará obrigado a permanecer empadroado en Melide xunto co menor por un período de 4 anos.

Informan á hostalaría sobre a ordenanza que deben cumprir as terrazas

A través dun bando, o Concello de Melide informou á hostalaría sobre a ordenanza que teñen que cumprir os locais con terrazas.

A este respecto, a administración local lembrou que, entre outros aspectos, "está prohibido que as terrazas dos bares e restaurantes se coloquen nos accesos aos inmobles, nas entradas a galerías visibles, nas saídas de emerxencia e nas paradas de transporte público regularmente establecidas".

Tampouco poderá colocarse, segundo recolle a ordenanza, ningún elemento que dificulte a manobra de entrada e saída de vados permanentes de paso para vehículos e prohíbese o almacenamento de produtos, caixas de bebidas ou outros materiais na superficie de ocupación da terraza e beirarrúa.

Por último, dende o Concello de Melide lembraron que "os titulares de licenzas e terrazas teñen a obriga de retirar e agrupar ao remate de cada xornada os elementos de mobiliario instalados, así como realizar os labores de limpeza necesarios".

Detectados 24 positivos por alcohol ou drogas na fin de semana do San Roque

Volveu pasar, e nesta ocasión foi na fin de semana do San Roque. Segundo informou a Garda Civil, na noite do sábado 15 de agosto ao domingo 16 establecéronse de novo varios puntos de verificación de alcohol, drogas e velocidade nas vías de acceso e saída da localidade, co obxectivo de intensificar a vixilancia ao ser unha zona de ocio nocturno.

Desta vez, coas festas patronais suspendidas e pese á escasa circulación existente en comparación con anos anteriores, as patrullas da Garda Civil detectaron 24 positivos en alcohol e drogas, dos cales se investigou a seis por delito contra a seguridade viaria ao superar a taxa legalmente establecida en 0.60 miligramos por litro. Ademais, un condutor deu positivo na proba de drogas.

As sancións por este tipo de infraccións van dende os 500 aos 1.000 euros, a perda de entre catro e seis puntos, así como sancións económicas e servizos en beneficio da comunidade para os condutores que dean un resultado constitutivo de delito.

Melide recupera o mercado agrario e téxtil que se celebra os domingos

Dende o 13 de setembro, e despois de tres semanas suspendido, Melide recupera o seu mercado de téxtil, calzado e ferraxería así como tamén o mercado de venda de produtos agrarios, "unha vez que as autoridades sanitarias informaron de que o número de casos positivos da Covid-19 na vila descendeu de forma significativa", comunicaron dende o Concello de Melide.

Foto: T.M.

Desta forma, o mercado agroalimentario continuará situándose na súa localización habitual, a praza das Coles e rúa Alhóndiga, mantendo sempre as distancias entre os postos. "Os veciños e veciñas que se acheguen para mercar terán que manipular os produtos con luvas e manter as distancias para garantir a seguridade como se viña facendo ata o momento", sinalaron dende o Concello.

Pola súa parte, o mercado de téxtil, calzado e ferraxería seguirá celebrándose na rúa Galicia e na praza das Universidades "co obxectivo principal de garantir as distancias sociais que se manteñen na nova normalidade e cumprir así coas medidas de seguridade ditadas polos responsables sanitarios".

A Policía Local encargarase de vixiar o cumprimento destas medidas de distanciamento social.

Denuncia do SLG

A decisión de suspender a mediados de agosto o mercado dominical de venda de produtos agrarios por mor do gromo de Covid-19 detectado en Melide non gustou ao Sindicato Labrego Galego, que comunicou que denunciará por vía xudicial ao Concello de Melide.

Para o Sindicato Labrego Galego, a prohibición do mercado de Melide "non obedeceu nin a criterios científicos nin sanitarios", apuntaron. "Trátase dunha decisión absurda e arbitraria, sen fundamentos científicos que a avalen, que vai causar un dano económico enorme e irreparable na economía das familias que teñen nesta vía de comercialización unha das súas principais fontes de ingresos", sinalaron dende o sindicato.

Críticas dende o PP

Dende o Partido Popular de Melide tamén criticaron a decisión de suspender o mercado dominical e lamentaron "que o bipartito local non tivese máis sensibilidade cun dos sectores e atractivos que ten Melide". Ademais, cualificaron como "tardía e froito da presión dos axentes políticos e sociais" a decisión de volver a abrir o mercado.

O PP local denuncia a modificación de elementos de seguridade viaria na AC-840 por parte do Concello sen permiso

O Partido Popular de Melide denunciou que o goberno local bipartito modificou, sen autorización, as xardineiras de formigón que a Axencia Galega de Infraestruturas colocou no seu día, a petición do goberno local anterior, na estrada AC-840 "para protexer aos peóns nos pasos de cebra, así como evitar malos aparcamentos nas beirarrúas".

Fotos: PP.M.

Segundo explicou Dalia García, voceira do PP local, "o goberno bipartito municipal non contou coa autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, organismo titular da estrada AC-840, ao proceder a cambiar elementos que se colocaran no seu día froito de dúas actuacións en materia de seguridade viaria realizadas nesta estrada pola Xunta, cun investimento de 120.000 euros".

A súa modificación sen as autorizacións pertinentes suporá, segundo García, "a apertura dun expediente ao Concello".

Dende o PP lembraron que as pezas colocadas no seu día "non eran un elemento decorativo" e amosaron a súa sorpresa "maiúscula" cando "sen ningún aviso" se retiraron "durante semanas para despois localizarse, moitos destes elementos noutros lugares, onde a súa presenza é de simple elemento decorativo".

Tamén criticaron os populares a "total falta de adecuación das xardineiras á Guía de Cores de Galicia, onde a Dirección Xeral de Patrimonio terá tamén que actuar, xa que do gris natural procederon a esmaltalas de azul intenso, vermello e cor teal, sendo elementos localizados en tramos urbanos do Camiño de Santiago".

Enésima vertedura ao Furelos dende o parque empresarial da Madanela

Foto: A.T.R.F.

O río Furelos viuse afectado de novo por unha vertedura procedente do polígono industrial da Madanela; así o denunciaron dende a asociación de troiteiros Río Furelos de Melide, "tras recibir aviso do que estaba a acontecer na zona de saída dos colectores do polígono".

Xavier Pazo, presidente do colectivo de troiteiros, puntualizou ademais que a auga que saía dos colectores "completamente toldada, levaba unha coloración abrancazada" e destacou "o cheiro nauseabundo que desprendía o vertido e que permitía deducir a súa capacidade contaminante".

Despois de intentar contactar co 112 en varias ocasións e conseguir finalmente alertar ás autoridades, ata o lugar desprazáronse técnicos de Augas de Galicia e do Servizo de Conservación e Patrimonio Natural nos primeiros momentos.

Así mesmo, dende a asociación de pescadores xa puxeron os feitos en coñecemento de Augas de Galicia, do Servizo de Protección do Patrimonio Natural, da Consellería de Medio Ambiente e ante o Seprona da Garda Civil.

A situación tamén foi notificada ao Concello de Melide. A este respecto, Xavier Pazo anunciou que solicitará unha entrevista co alcalde de Melide "para abordar en que punto está un estudo que se ía desenvolver para determinar a orixe dos vertidos do polígono da Madanela".

Finalmente, o presidente do colectivo de troiteiros advertiu de que non cesarán no seu afán por denunciar este tipo de prácticas. "Non deixa de ser sorprendente que isto continúe pasando, pero aínda así non nos cansaremos de denuncialo cada vez que ocorra", asegurou, e lembrou que "a única solución para acabar con isto é dotar ao polígono dunha depuradora eficiente que garanta que os vertidos que chegan ao río son seguros en termos medioambientais".

Estudan accións legais contra as bases de contratación

O PP de Melide anunciou que estudará accións legais contra as bases de contratación que o goberno bipartito local publicou o pasado mes de xullo e cuxo expediente está en fase de tramitación.

A xuízo dos populares, "establecer como causa directa de exclusión para participar nun proceso público, priorizar a orde de entregar a documentación que se esixe na convocatoria fronte os méritos, sen aprobar as debidas e claras indicación ao respecto é unha vulneración absoluta do principio de igualdade de acceso ao emprego público".

Dalia García, voceira do grupo municipal, cualificou de "improcedente e de dubidosa legalidade esta cláusula", motivo polo que dende o PP estudarán accións legais como a interposición dun recurso.

Arranca o curso escolar na comarca

Os primeiros en incorporarse foron os alumnos de Infantil e Primaria que acudiron aos centros de xeito gradual ao longo da mañá para evitar aglomeracións

Comezou o curso escolar; esa é a única certeza, pois tal e como está evolucionando a pandemia do coronavirus na comunidade ninguén se atreve a prognosticar con exactitude como se desenvolverá a volta ás aulas neste curso 2020/2021.

Hai preocupación, pero tamén algunha que outra mensaxe de tranquilidade sobre todo entre as Anpas da comarca, que vén no reducido número de alumnos que asisten aos colexios do rural o seu mellor aliado para combater a Covid e cumprir o protocolo anunciado pola Xunta; un protocolo por certo que tamén espertou críticas.

Acondicionamento dos colexios e reforzo da limpeza en Melide

En Melide, trala reunión mantida entre a concelleira de Educación, María Jesús Iglesias, e as directoras e representantes das Anpas dos tres colexios da vila, a brigada de obras municipal procedeu ao acondicionamento de xardíns e zonas verdes, a realizar tarefas de mantemento e conservación das instalacións, así como a reparar aqueles danos indicados pola dirección de cada colexio co obxectivo de deixar aos distintos centros "en condicións óptimas" para o regreso do alumnado ás aulas.

Nesa mesma reunión, a concelleira de Educación comunicou aos presentes que o goberno local "xa ten cerrada a ampliación do horario do servizo de limpeza dos centros escolares para cumprir co protocolo establecido pola Xunta de Galicia fronte á Covid-19".

Pola súa banda, entre os pais atopamos división de opinións; uns partidarios de que comecen as clases e outros non. Tal e como explica Ana Méndez Varela, presidenta da Anpa do CEIP Mestre Pastor Barral, "como en todos lados, hai pais que ven a situación moi complicada e outros non tan complexa, porque cada pai é un mundo e cada centro ten as súas características tamén, pero no meu caso por exemplo eu son partidaria da idea de que os nenos teñen que volver ao colexio de forma presencial".

Imposible cumprir as distancias de seguridade

Non obstante, a maior preocupación entre pais e responsables docentes nos colexios de Melide está a ser a imposibilidade de cumprir as distancias de seguridade dentro dalgunhas aulas.

Por poñer só un dos numerosos exemplos, no CEIP Nº1, onde algunha aula supera o número máximo de alumnos que permite o protocolo, os pais chegaron a barallar a última hora a posibilidade de "comezar o curso cunha folga indefinida".

Neste senso, as confederacións de ANPAS e diferentes asociacións estudantís apoianron a folga de profesores convocada para os días 10 e 16 de setembro, para esixir "un ensino presencial e con seguridade".

> Tranquilidade nos colexios do rural á hora de cumprir o protocolo ao contar cun número de alumnos máis reducido

CEIP Plurilingüe de Toques

Ao colexio de Toques asisten unha trintena de alumnos, unha cifra que facilita en gran medida a aplicación do protocolo, tal e como recoñece a secretaria da Anpa do CEIP Plurilingüe de Toques, Natalia Bacelo Muíño.

"No noso caso estamos confiados e somos optimistas porque temos a sorte de ser un cole do rural, con menos alumnos e unhas instalacións fabulosas que nos permiten xestionar mellor todo este tema, date conta que son 30 nenos así que ata podemos facer as actividades extraescolares", sinala.

Sen problemas de aglomeracións, xa que as clases estarán organizadas en "tres cursos estables de oito nenos, dez como moito", dende a Anpa do colexio de Toques cren imprescindible a volta ás aulas de forma presencial. "Sempre hai medo loxicamente, pero os nenos necesitan volver, tomando todas as precaucións claro pero necesitan a súa rutina".

En colaboración estreita coa dirección do centro para calquera iniciativa ou actividade, dende a Anpa sinalan que as instalacións do colexio están preparadas para afrontar o curso en condicións sanitarias seguras.

Iso si, o único punto do protocolo de prevención da Covid para o ámbito escolar que espertou algunha que outra diferenza foi o uso obrigatorio da máscara. "Cremos que hai espazo suficiente e que se garanten as distancias como para non facer uso da máscara, pero acatamos as normas tal e como veñen e respectamos o protocolo, así que se a máscara é obrigatoria hai que cumprilo".

CEIP Arcediago, Santiso

Para Yolanda Couso, presidenta da Anpa do CEIP Arcediago, en Santiso, o protocolo anticovid deseñado para Educación pola Xunta de Galicia resulta "inviable e incompatible coa realidade". Ao seu parecer "dicirlle a uns nenos de infantil que non se toquen ou que non compartan xogo vai ser moi complicado de cumprir".

Así mesmo, Couso encamiñou a súa preocupación ante o inicio do curso cara a "incerteza en relación ao tema sanitario, pero tamén no tema educativo" por medo a que as clases teñan que parar ou suspenderse.

Neste caso ademais, a presidenta da Anpa do CEIP Arcediago amosou as súas dúbidas en relación á conciliación. "É un aspecto que se comenta entre os pais e nais; sabemos que a conciliación familiar e laboral é complicada, e con isto aínda máis".

CEIP Plurilingüe Virxe do Portal, Sobrado

En Sobrado afrontan este curso coa preocupación lóxica ante a situación sanitaria actual, pero como no caso de Toques, confiados en que o menor volume de alumnos que acoden ao colexio axude no cumprimento das medidas establecidas.

Carolina Vázquez, presidenta da Anpa Virxe do Portal destaca que polo menos contan con "un profesor máis" que antes non tiñan, e a iso engade a vantaxe de que en todo o colexio son poucos alumnos. "Son 44 nenos e nenas en todo o colexio entre infantil e primaria, así que si, haberá que seguir o protocolo, pero creo que será un pouco máis doado que se fose un número máis elevado de rapaces –explica–, ademais os grupos son pequenos; infantil está todo xunto, e despois está 1º, 2º e 3º; e logo 4º, 5º e 6º en dous grupos, e xa nos grupos eses ás veces non pasan de 8", engade.

Con toda esta situación, coas dúbidas lóxicas e a inquedanza de pais, alumnos e profesores sobre como se desenvolverán as clases, o xoves día 10 arrancou de xeito oficial o curso en toda a comarca; nalgúns casos cumprindo o protocolo, e noutros coa imposibilidade de facelo porque non se acometeu nin unha soa reforma estrutural no centro; e entre máscaras e xeles hidroalcohólicos como única medida de seguridade.

No que atinxe ao resto das ensinanzas non universitarias, o inicio de curso mantense segundo a Xunta de Galicia para o 16 de setembro e de xeito gradual. Tamén se mantén a convocatoria de folga para ese día.

Escola Infantil de Melide

Os que xa comezaron antes a súa actividade foron os usuarios da Escola Infantil de Melide, na que se cubriron a totalidade das prazas. Deste xeito, un total de 43 nenos e nenas acoden dende o pasado 7 de setembro ás instalacións cumprindo con todas as normas sanitarias establecidas no protocolo anticovid. Neste senso, entre outras medidas as familias teñen a obriga de controlar a temperatura dos máis cativos e cativas e nunca achegalos ás aulas con máis de 37.5º. En canto ás melloras realizadas nas instalacións por parte do Concello de Melide para adaptarse á nova situación sanitaria figuran "vestiarios para as profesionais do centro e taquillas para que os nenos e nenas teñan onde gardar as súas pertenzas".

Conservatorio de Música de Melide

Do 7 ao 24 de setembro está aberto o prazo de matrícula no Conservatorio Profesional de Música de Melide. As persoas interesadas deberán acudir ao edificio multiusos en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Escola de Música de Visantoña

Pola súa parte, a Escola de Música de Visantoña ten aberto o prazo de matrícula para o curso 2020/2021 dende o 1 de setembro. Está previsto que o curso comece o 1 de outubro. As persoas interesadas deben chamar ao teléfono 609 059 634.

Merca en
Melide
Cerne de Galicia
APOIA AO
COMERCIO
LOCAL,
Avancemos
Xuntos
Comercios seguros fronte ao Covid-19
Comercios de proximidade
Comercios de confianza
Inviste no teu pobo
Crea emprego
Xera futuro
Concello
de Melide

Seguros Bilbao

Rodrigo Fernández Pombo

Mª del Pilar Martínez Mejuto

Agente exclusivo de seguros

Nº de Reg. de Mediador: C002636154917K

rodrigofernandez@segurosbilbao.com

pilarmartinez@segurosbilbao.com

Ronda de Pontevedra 113 - Bajo

15800 - Melide

Tlf / Fax: 981 506 495

Móvil / WhatsApp: 678 055 942

Servinet

Jorge Sangiao Costoya

San Cibrao nº 74 ~ Melide

Móbil: 697 89 24 66

Venda, instalación e mantemento de sistemas informáticos

El Sándalo

- Moda Home e Muller
- Talles dende o 36 ata o 56
- Nova liña de festa

Rúa do Convento - 15 (Melide)

Teléfonos: 981 50 63 70 - 610 75 78 84

Xeado con orixe

Rúa San Pedro, 5 - Melide / Tlf.: 881 99 05 50

A casa niño de Toques inicia a súa actividade con catro matrículas

O protocolo de prevención da Covid contempla medidas para o centro, usuarios e tamén familiares

Tiña prevista a súa apertura para mediados de marzo pero a declaración do estado de alarma primeiro, e a desescalada despois, obrigaron a pospoñer o inicio da actividade en Agarimo, a casa niño do concello de Toques.

Este 1 de setembro, Noelia García Bran, a súa responsable, por fin abriu as portas e comezou o curso con catro pequenos matriculados; tres que xa asisten a diario e un que comezará en outubro. A primeira toma de contacto foi moi positiva e sobre todo tranquila.

"De momento a cousa vai ben, moi ben, moi contenta a verdade –di Noelia–, cos nenos adaptándose a min e eu a eles; en xeral creo que os pais transmiten bastante tranquilidade e pola miña parte tamén, porque ao final non é o mesmo un centro onde ao mellor hai un número máis elevado de nenos que estar con tres ou catro, que o contacto é moito máis reducido, e ademais ao ser eu soa tamén se ve reducida a interacción".

Protocolo fronte a Covid

Si destaca Noelia o "máis laborioso" que é agora todo ao ter que cumprir un estrito protocolo de prevención da Covid-19. De feito, no protocolo que se aplica e que é o mesmo para escolas infantís, ludotecas e casas niño de toda Galicia recóllense medidas tanto para as familias, como para os centros e os nenos usuarios.

"En canto ás familias só pode entrar un membro; temos as entradas e as saídas de forma gradual, escalonadas para que non coincida ninguén no mesmo horario; uso de máscara obrigatorio; xel hidroalcohólico na entrada obrigatorio e tamén temos unha alfombra desinfectante para o calzado", explica Noelia.

E en canto ao protocolo para os nenos, quítaselle o calzado da rúa, tamén as chaquetas e pónselle o mandilón e calzado exclusivo da casa niño, toma de temperatura e "despois estamos intentando incorporar rutinas de lavado de mans, date conta que son moi pequeniños", apunta. Tanto é así que os pequenos que acoden á casa niño de Toques son "un bebé que vai cumprir os seis meses, outro de dez meses e un neno de un ano e catro meses; mentres que o pequeno que se incorporará en outubro ten dez meses".

Pola súa parte, o protocolo que atinxe a Noelia e ás instalacións incorpora, entre outras medidas, o uso de máscara, lavado frecuente de mans, ventilación e desinfección de todo, tanto das superficies como dos materiais que se empreguen cada día.

Os primeiros días na casa niño serviron para levar a cabo o proceso de adaptación para os máis pequenos; un proceso que foi do máis natural tanto para os nenos como para as familias. "Adáptanse moi ben a verdade, porque ao ser tan pequeniños é o que din seus pais, é o mundo que coñecen, é o que están acostumados a ver, a xente con máscara", indica Noelia, "e coas familias estou moi contenta tamén porque colaboran e cumpren o protocolo perfectamente".

A casa niño de Toques conta aínda cunha praza dispoñible que, ao rematar o prazo de preinscrición e coas matrículas xa formalizadas, sería para a primeira familia interesada na mesma. O horario deste servizo para as familias de Toques é de 8.30 a 16.30horas, podendo escoller nese intervalo a franxa que mellor se adapte a cada necesidade.



Arriba: zona delimitada para as familias, coa alfombra de desinfección de calzado, banco con caixas individuais para cada neno e nena para cambiar o calzado, xel hidroalcohólico e termómetro
Abaixo: cambiador con papel de un só uso para evitar contacto entre os nenos

(Fotos: N.G.)

Unha vertedura de xurro afecta a tres quilómetros do río Furelos en Santiso

É a historia que se repite. De novo a asociación de troiteiros Río Furelos de Melide denunciou unha vertedura de xurro ás augas do Furelos. Foi o pasado mes de agosto, concretamente o día 18, no concello de Santiso e tras ser detectada por unha veciña.

"Nesta ocasión fomos alertados por unha veciña que descubriu o que parecen ser cisternazos de purín, localizados nas proximidades de Chorén", indicou Xavier Pazo, presidente dos troiteiros. "Recibido o aviso ás 15 horas fixéronse as comprobacións in situ e decatámonos de que uns tres quilómetros de río, entre Ponte San Paio e a desembocadura do Furelos no Ulla, ficaron afectados pola vertedura do xurro", explicou.

Foto: A.T.R.F.

Dende o colectivo de pescadores, que levan anos denunciando este tipo de prácticas "completamente daniñas para o medio ambiente e moi en concreto para as augas do río", puxeron ao día seguinte as denuncias correspondentes ante "a Garda Civil (Seprona), o Servizo de Protección do Patrimonio Natural e Augas de Galicia", ademais de trasladarlle o sucedido ao Concello de Santiso "por discorreren as augas contaminadas por ese termo municipal".

Máis que un vertido

Tras confirmarse que foi unha vertedura de xurro de porcos, Xavier Pazo considerou o sucedido como "algo máis que un simple vertido, pois para toldar o río desa maneira fai falla máis que unha cisterna; algo así como un baleirado dunha balsa", sinalou.

Técnicos de Augas de Galicia e do Servizo de Protección de Patrimonio Natural achegáronse ata a zona para realizar unha inspección.

Ante o sucedido, dende a asociación de troiteiros Río Furelos lanzaron unha reflexión. "Estamos preocupados a nivel mundial polas consecuencias que sobre a nosa especie pode causar a COVID-19. Aproveitemos para cavilar por uns intres, cantas especies están ameazadas, non só de morte, senón de extinción polos nosos comportamentos".

Melloras para a biblioteca do CEIP de Toques

O CEIP Plurilingüe de Toques é un dos 26 centros que se incorpora ao Plan de mellora de bibliotecas escolares da Xunta de Galicia para este curso 2020/2021.

Esta iniciativa permitirá ao colexio de Toques a actualización dos fondos documentais da biblioteca escolar, a renovación do mobiliario e outro equipamento necesario, así como sufragar outros gastos de funcionamento mediante a achega recibida a través deste programa.

Entre outras cuestións, a convocatoria establece que as adquisicións dos fondos se realizarán, preferentemente, a través das librarías da zona de referencia do centro, e que deberán incluír materiais destinados á atención da diversidade.

CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM
Concello de Melide
Merca en Melide
XUNTA DE GALICIA
XOGANDO CON ASETEM
Volta ao Cole
Máis información nas nosas redes sociais
@asetemmelide

San Caralampio: do viño á solidariedade

Unha parte do recadado coa venda das camisetas irá destinado á compra de alimentos para as familias que máis o necesiten da vila

Cada segundo domingo de setembro, dende 1946, Melide acolle a celebración do San Caralampio, un evento que reúne a multitude de persoas na praza das Coles. Pero este ano as circunstancias sanitarias que vivimos obrigan a mudar o carácter máis bulicioso do festexo por outro máis quedo e responsable.

Así o destaca Juan Manuel Prado Rodríguez, a quen todo o mundo coñece como "Barullo" e que dende hai máis de vinte anos preside a organización desta festa. "É unha das festas máis importantes que hai no pobo, e en condicións normais teriamos concurso de debuxo, tiro á lata coa escopeta de pau, degustación de balde de mexillóns, pementos, cachelos e viño, e tamén actuacións musicais, pero a situación é a que é e non se pode", destaca.

Tal é así que as rúas da zona dos viños ateigadas de xente, as dúas olas de viño, os cen quilos de pementos e cen de mexillóns que adoitaban prepararse nun día así darán paso a unha xornada sen aglomeracións e sen degustacións aínda que, iso si, con foguetes e un pequeno pasarrúas sempre que as condicións o permitan.

"A min gustaríame que viñesen charangas e grupos como Festicultores por exemplo, para animar o ambiente e tamén un pouco aos negocios da zona, que houbese orquestra á noite e a traca final tamén, pero este ano imponse a responsabilidade así que o único que teño pensado é botar uns pequenos fogos sobre as once da mañá, ás dúas do mediodía e sobre as dez da noite –explica Barullo–, e se a situación o permitise incluso facer un pequeno pasarrúas coa Banda do Peto, nada máis".

Facendo un chamamento á responsabilidade, Barullo sinala que "tamén se pode saír a tomar un viño, pero sempre con mascarilla, cumprindo todas as medidas de seguridade e nada de ir en grandes grupos por suposto".



Arriba: Brétema (coa camiseta que deseñou este ano), e "Barullo" (organizador da festa), na praza das Coles onde se celebra cada ano o Caralampio. Ao lado: debuxo das camisetas para esta edición. Abaixo: imprentas colaboradoras e placa en homenaxe aos fundadores do San Caralampio colocada na praza das Coles

Anic DIFUSIÓN comunicación gráfica

INPUGAL .com Serigrafía - Publicidade - Agasallos

Un San Caralampio diferente e solidario

"Será un Caralampio diferente, en certo modo ata un pouco triste ao non haber nada", di Barullo, pero será tamén o Caralampio máis solidario. E é que este ano, unha parte do que se recade coa venda das camisetas deseñadas para a festa irá destinado á compra de alimentos para distribuír entre as familias máis necesitadas da vila.

"Despois de pagar os gastos que teñamos, como por exemplo as bombas que botemos, o resto irá destinado para alimentos que compraremos e que nós mesmos entregaremos ás familias máis necesitadas do pobo; por iso este ano aínda que non haxa festa fixemos igualmente as camisetas", aclara.

E precisamente no deseño das camisetas para esta edición vai reflectido ese espírito solidario que tamén apela á responsabilidade e que á vez mantén o carácter trouleiro que caracteriza ao Caralampio. "Está inspirada na situación actual que vivimos e tamén un pouquiño no confinamento que xa pasamos, como que a xente aínda mantén ese desexo de festexar pero dende as casas e con cautela, con cabeciña; e por suposto coa esperanza de que pronto poidamos volver a celebralo con normalidade como en anos anteriores", detalla Brétema Parras, encargada de realizar o deseño das camisetas durante os últimos tres anos.

No debuxo aparece a rúa de San Pedro "que ademais é a rúa na que máis vida fago, por iso a elixín", sinala Brétema, e pode verse como diferentes persoas festexan dende os balcóns e tamén na rúa con máscara.

En anos anteriores, os deseños de Brétema incluíron temáticas como "o viño non se tira, o viño bébese" ou "as diferentes actividades que se poden facer dentro do Caralampio á parte de, obviamente, beber viño".

Sendo de Melide, tamén este ano o Caralampio será diferente para Brétema que asegura que o que máis botará de menos será "a xente por suposto, quedar cos meus, facer o grupo, estar falando todo o día e vendo aos de sempre, aos veciños; ese ambiente festivo e feliz sobre todo, que esperemos que volva pronto".

As camisetas desta edición poden adquirirse na libraría Parrado, en varias imprentas e chamando a Barullo incluso despois de que pase o día da festa.

Para o ano, dous días de troula

Desexando que volva a normalidade canto antes, Barullo xa pensa na celebración do ano que vén que, ademais, será en dous días ao coincidir con ano Xacobeo. "Ao ser o Xacobeo facemos dous días, sábado e domingo, o igual que cando celebramos os aniversarios cada dez anos, o último en 2006 e o próximo en 2026".

Volverá así a festa e con máis forza, pois pese a todo o traballo que supón para a organización "eu estaría encantado de poder facela –asegura Barullo– de feito, botarei moito de menos non estar coa charanga este ano e non cantar no palco, que todos os anos canto dúas ou tres cancións antes da traca".

Menos peregrinos, sós ou en parellas e procedentes do territorio nacional

A oficina de Turismo de Melide, situada a partir de agora na planta baixa do Concello, reabre ao público ata decembro

Que a "nova normalidade" trouxo cambios en todos os aspectos é obvio; e senón que llelo pregunten aos técnicos da oficina de Turismo do Concello de Melide que constataron como a afluencia de peregrinos que pasa polas súas instalacións se viu reducida en centos de persoas.

Situada a partir de agora nunha nova localización, na planta baixa do Concello, a oficina de Turismo de Melide está aberta ao público dende o pasado martes 18 de agosto. Alí están a atender principalmente a peregrinos que chegan de diferentes puntos do territorio nacional.

"Son peregrinos que chegan a selar –explica Alba Fernández Buján, unha das técnicos de Turismo–, e son sobre todo de nacionalidade española e algúns galegos". Pero o que máis sorprendeu a Alba foi a redución no número de camiñantes. "Eu por exemplo xa estiven na oficina de Melide en 2017 e en relación a ese ano as cifras non teñen punto de comparación; daquela ao mellor tiñamos 230 ou 250 persoas ao día, algunha vez ata 300, e agora ao mellor atendemos a 26 ao día –di–, é mais, algunha vez que me tocou de tarde en toda a quenda viñeron dúas persoas a selar nada máis".

A comezos de setembro a media diaria de atención a peregrinos situábase entre "un máximo de 40 persoas e un mínimo de 20".

Peregrinos nacionais

Exceptuando algún caso puntual, dende a oficina de Turismo tamén destacan que os peregrinos que chegan a Melide proceden de diferentes puntos da xeografía española. "Si que tiven algún caso como un peregrino de Polonia, un de Italia e mesmo de Chile, pero foron excepcións porque maioritariamente veñen de zonas como A Coruña, Tarragona, Madrid, Girona, Zaragoza... é dicir, pode haber algunha persoa do estranxeiro pero por norma xeral son todos españois e maioritariamente de Cataluña, Extremadura e Murcia".

Ademais, destaca o feito de que adoitan facer o Camiño sós ou en parellas. "A Melide de momento os peregrinos están chegando sós, en parella ou en grupos de tres persoas como moito, non máis, cando antes era habitual ver grupos de 10 ou 12 persoas e tamén moitos colexios", engade Alba.

Itinerarios pouco concorridos

Unha vez na oficina, apunta a técnico de Turismo, os peregrinos destacan a tranquilidade do Camiño e o pouco concorridas que están as diferentes rutas. "Sinalan sobre todo que está sendo unha experiencia boa e moi tranquila en xeral; de feito, hai xente que fai o Camiño Primitivo, outra que fai o Camiño Francés e en ambos os dous casos din que son itinerarios que non están moi transcorridos, e que atopan hostais para durmir sen problema".

Pola súa banda, entre as preguntas máis frecuentes dos visitantes chegados a Melide están as referidas á dificultade das seguintes etapas ou aos locais onde poder comer. "Polo que non preguntan moito os peregrinos por exemplo é polos brotes nin pola situación relativa ao coronavirus na vila, ese aspecto adoita ser máis mencionado pola xente da zona ou da comarca", precisa Alba.

Para acudir á oficina de Turismo de Melide lembran que tamén é obrigatorio o uso de máscara, así como cumprir o resto de recomendacións sanitarias como respectar as distancias de seguridade e manter a hixiene de mans.

A oficina de Turismo local estará aberta ata o 31 de decembro con horario ininterrompido de 8.30h. da mañá a 20.30 h. da tarde.

Trala cancelación do Bus Turístico, principal actividade turística que se realizaba durante o verán en Melide, dende a oficina de Turismo non teñen prevista ningunha iniciativa para os vindeiros meses debido á situación sanitaria.

Arón Ayude recibe a consideración de Deportista de Alto Nivel en Kickboxing

O Consello Superior de Deportes outorgoulle recentemente a Arón Ayude, da Escola Ayude de Santiso, a condición de Deportista de Alto Nivel (DAN), por todos os éxitos acadados como membro da Selección Española de Kickboxing así como por toda a súa progresión deportiva.

Este recoñecemento converte a Arón Ayude no primeiro deportista galego en conseguir a máis alta consideración neste deporte a nivel nacional, ademais de ser tamén o primeiro galego integrante da selección nacional absoluta.

Así mesmo, esta consideración chega nun momento no que a Secretaría Xeral para o Deporte galego xa tiña recoñecido ao integrante da Escola Ayude como Deportista Galego de Alto Nivel (DGAN) de Loita Olímpica; disciplina na que tamén representou a España en varios torneos internacionais.

Con ditos recoñecementos; DAN en kickboxing polo Consello Superior de Deportes e DGAN en loita olímpica pola Secretaría Xeral para o Deporte, Arón Ayude convértese no primeiro deportista da historia do deporte galego en acadar ditas consideracións de xeito simultáneo en dúas disciplinas diferentes.

"Unha noticia moi importante para o kickboxing nacional e para o galego particularmente ao ser un exemplo para todos os mozos deportistas do cerne de Galicia, que a través da Escola Ayude queren chegar ao máis alto no mundo do deporte", sinalaron dende a Escola Ayude.

Teatro no mosteiro de Sobrado

A segunda edición de Camiño Escena Norte chegará a Sobrado dos Monxes o vindeiro domingo 27 de setembro.

Nesta ocasión farao coa representación teatral "Amarillo caído del cielo", de Juan Carlos Fernández Izquierdo. Será no mosteiro de Sobrado a partir das oito da tarde. A entrada é de balde e a apertura de portas realizarase uns 30 minutos antes e ata completar o aforo.

Melide contará cun servizo de asesoramento para a diminución do emprego de plásticos de uso común

A Deputación da Coruña financiará con 15.000 euros (o 70% do orzamento total) o proxecto da Federación Galega de Medio Ambiente (FEGAMA) para a diminución do emprego de plásticos de uso común, que contará cun punto físico de asesoramento para toda a provincia en Melide.

O proxecto subvencionado inclúe a elaboración dunha guía de boas prácticas, xornadas de sensibilización e asistencia a diversas feiras para dar a coñecer a problemática.

Finalmente, poñerase a disposición dos cidadáns un punto de asesoramento no que calquera interesado da provincia poderá responder as súas dúbidas. Este servizo (que funcionará tamén en formato online e vía telefónica), estará dispoñible de xeito físico, entre outros concellos, en Melide.

Charamela non celebrará o ciclo de teatro

A presidenta da Asociación Cultural Charamela, Mary Gómez Neira, confirmou a non celebración este ano do que sería o IX Ciclo de teatro afeccionado "O Teatro no Camiño", que como de costume se viña celebrando ao longo do mes de outubro na Casa da Cultura de Melide. "Non vai haber ciclo de teatro debido á situación sanitaria", explicou Neira que tamén asegurou que "o próximo ano continuaremos coa iniciativa sempre que as condicións sanitarias o permitan".

Confiando a saúde da nosa rapazada a un anaco de tea

A nosa rapazada está a piques de comezar un novo curso, o curso 2020-2021 que pasará á historia por ser a primeira vez que entran en aulas nas que o famoso personaxe de nome Covid estará por todas partes, ben sexa en forma de hidroxel, de cartel, de frecha ou de máscara.

As familias de Melide temos motivos dabondo para estar preocupadas polo comezo deste curso porque sabemos que o que máis queremos vai estar moitas horas en colexios nos que non se investiu nada de nada en mellorar a súa seguridade e protección. Houbo seis meses para tomar decisións, para acometer pequenas obras necesarias dentro das aulas, para dotar aos centros de produtos desinfectantes, pero mirouse para outro lado e, como soe ocorrer, sempre había cousas máis importantes nas que gastar os cartos.

Cando aprenderemos como sociedade que os cartos empregados na educación das novas xeracións son os mellores investimentos realizados? Indigna moito saber que fóra de Galicia haberá 20 alumn@s como máximo nas aulas e distancia de 1,5 m, pero aquí poden estar ata 25 alumn@s nunha aula sen distancia algunha de separación. Na última resolución da Xunta lese claramente que para Infantil e Primaria: "A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula".

Queda, polo tanto, todo en mans das todopoderosas máscaras que taparán as súas bocas durante cinco horas, e de cinco lavados de mans ao longo da mañá para os que non lles facilitan, dende as autoridades pertinentes, nin o xabrón necesario para facelo.

O tema, veciñas e veciños, é moito máis serio do que poida parecer e, co elevado número de persoas contaxiadas da nosa vila, é aínda moito máis preocupante comezar este novo curso.

Mandamos ás nosas nenas e nenos a un lugar perigoso no que non se pode cumprir, en absoluto, o que recomendan as autoridades sanitarias. Pero a nosa sociedade é tan peculiar que con seguridade atopará antes culpable a calquera mestra ou mestre que aos políticos que permitiron este abandono do ensino público nunha situación inédita.

Oxalá nos equivoquemos, pero pode vir un inverno moi duro debido á carencia de medidas nos colexios que axuden a loitar contra este virus. O responsable da desfeita, se iso ocorre, será para nós sempre un político e non unha mestra ou mestre.

Está claro que ás nosas fillas e fillos temos a obriga de coidalos, alimentalos e vestilos; pero tamén temos que protexelos con determinación cando, como ocorre agora, os que mandan confían a súa saúde a un anaco de tea. As aulas van estar cheas, dentro de moi pouco, de máscaras con moitas cores, con alegres debuxos, con personaxes marabillosos e con moitos súper-heroes, pero iso non abonda para protexelos e tentar frear este maldito virus.

Temos que ser neste novo curso, máis ca nunca, os seus máximos defensores; erguer as nosas voces diante de quen faga falta e loitar para evitar que enfermen. Ben pouco valemos se non defendemos con unllas e dentes a súa educación, a súa saúde, ... a súa felicidade.

Non esquezamos nunca que os seres marabillosos, como as nosas fillas e fillos, tamén se contaxian.

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ

Perda de audición nas persoas maiores (II). Como oímos?

"A audición depende dunha serie de pasos que converten as ondas sonoras que viaxan polo aire en sinais eléctricos. Estes sinais chegan ao cerebro a través do nervio auditivo despois dun proceso complexo. As ondas sonoras entran ao oído externo a través dunha pasaxe estreita chamada "conduto auditivo" que chega ata o tímpano. O movemento das ondas sonoras fai que o tímpano vibre e á vez transmita estas vibracións a tres ósos diminutos do oído medio. Estes pequenos ósos chámanse martelo, bigornia e estribo. Os diminutos ósos do oído medio amplifican as vibracións de son que chegan no aire e que se converten en vibracións líquidas dentro da cóclea no oído interno. A cóclea ten forma de caracol e está chea de líquido. Ten unha membrana elástica ao longo da súa estrutura que a divide en dúas seccións: superior e inferior. Esta membrana é coñecida como "membrana basilar" porque serve de base para estruturas claves do sistema auditivo. Unha vez que as vibracións chegan ata o líquido dentro da cóclea, fórmanse ondas que viaxan ao longo da membrana basilar. As células ciliadas, que son células sensoriais suxeitas á superficie da membrana, "bailan" co movemento da ola. Ao moverse as células ciliadas cara a arriba e cara a abaixo, unhas proxeccións microscópicas parecidas a filamentos (coñecidas como "estereocilios"), que se atopan encima das células ciliadas, baten cunha membrana sobresaínte e inclínanse. Esta inclinación fai que se abran uns canais que parecen poros, que están nas puntas dos "estereocilios". Cando isto sucede certas substancias químicas entran nas células, xerando así un sinal eléctrico. O nervio auditivo leva este sinal eléctrico ao cerebro, que o converte en sons que podemos recoñecer e entender".

Jesús Luaces

Presidente e fundador de Instituto de la Sordera

A voz da autoridade

Contaba meu avó unha historia de guerra, dun soldado que perdera a vista, e que nunha ocasión trataba de razoar cun touro crendo que era unha persoa. O soldado facíalle preguntas e o touro respondía como sabía, a cornadas. Por iso, cando se deu por respondido ao recibir unha cornada, e sen saber nunca que estaba discutindo cunha besta brava, díxolle: "para decir sí o no, no se precisan repujones!".

Recordo esta historia cada vez que no medio de calquera intercambio de pareceres alguén decide alzar a voz, insultar, deixar as formas de lado e tomar a palabra e a razón polas bravas, coma o touro da historia.

Os berros nunha discusión son a evidencia de que non temos outros argumentos, de que só podemos dicir o mesmo, pero con menos educación e máis volume. Cando isto pasa no ámbito doméstico a vergoña queda na casa. Que non é pouco. Pero o máis triste é cando asistimos a situacións nas que, persoas que -teoricamente- representan a lei, ou certa autoridade, se dirixen aos demais pensando que un uniforme ou un despacho lles conceden poder..., pero poder de asoballar.

Este tempo de pandemia e de novas razóns para amonestar a xente está sendo un bo caldo de cultivo para que afloren todos eses xefes frustrados, que cren ter no seu uniforme ou na súa mesa de administración a razón absoluta, a lei e a ética vixente. E no exercicio dese poder diríxense ás persoas confundindo a lei coa mala educación, a ignorancia, a falta de respecto e a humillación.

Nestes días raros asomaron policías que se dirixen ás persoas coma se fosen o coco, elevando o ton, faltando ás formas, perdoándonos a vida, coma se fosen os cancerbeiros da súa propia chousa. A lei, as normas, non nacen no peto dun policía ou dun garda civil. Eles son transmisores dun código que debemos respectar, pero a prepotencia, a humillación aos demais, os tons de superioridade que saen dalgunhas bocas demostran que non sempre a persoa é digna do traxe. Outras -moitas- veces, por sorte para todos, si.

Nestes tempos revoltos asomaron funcionarios que parecen esixir pleitesía para facer o seu traballo, que se recoñecerán neste artigo porque son os que esquecen que eles, nalgún momento, tamén teñen que coller número para que alguén, a ser posible con amabilidade, os atenda. Lamentablemente, a empatía e a humanidade non son temarios das oposicións para o Emprego Público.

Dixéronnos que a pandemia traería unha sociedade máis unida, que reforzaría a solidariedade dos corazóns...e o que está reforzando é as trincheiras persoais de cadaquén, os pequenos castelos de ego que cada vez teñen menos de pequenos, e a desaparición da empatía cara a xente que é distinta a nós ou ten distintas circunstancias.

Ver a unha "autoridade" ameazando, atacando ou alzando a voz coma se fose a voz da razón non fai máis ca quitarlla. Porque, "para decir sí o no, no se precisan repujones".

Vanesa de Quinzán

O xornal Cerne naceu como un medio para dar voz aos empresarios de Melide e comarca. Co tempo, tamén foi recollendo as opinións máis diversas así como diferentes temas que se consideraron de interese xeral para o pobo.

Seguimos e seguirémolo facendo e, de feito, continuamos abertos a recibir suxestións, opinións e críticas relacionadas con calquera tema de interese. Sempre iso si que non se reproduzan faltas de respecto.

E precisamente iso é o que facemos neste número cunha carta que chegou dirixida ao xornal. Pasamos a reproducila literalmente, porque aínda que foi enviada de xeito totalmente anónimo, consideramos que é unha opinión absolutamente válida e coa que non se falta ao respecto a ninguén.

É máis, dende aquí convidamos e animamos a súa "autora" a seguir achegando as súas suxestións e/ou críticas; iso si, aplicando a mesma transparencia coa que traballa este xornal en vez de facelo dende o anonimato.

Xunta directiva. Coordinación e redacción

Carta:

VAIA ESTA REFLEXIÓN A QUEN PROCEDA. XUNTA DIRECTIVA, COORDINACIÓN, REDACCIÓN...

Son unha veciña de Melide, unha que coma moit@s fai lectura do Cerne cada mes.Porque disfruto de ver @s conveciñ@s no xornal, porque sempre se pode coñecer algo novo ou porque detrás de cada publicación están horas de traballo de xente que merece ser recoñecido.

Cando un le un xornal, xa se sabe, opinións e interpretacións diferentes dunha nova,non?.

Ás veces hai artigos que dan pé a ser comentados entre os lectores, que non te deixan indiferente, vaia, e precisamente iso, é o que hoxe me anima a poñerme en contacto con vostedes.

No último número do mes de Agosto,na TRIBUNA DE OPINIÓN, publícase un artículo "Ë POLO BEN DE TODOS", no que podemos ler que…***"por seguridade e responsabilidade pública se toma a decisión se aprazar a Semana Grande do S. Roque"…***

Somos moit@s,poden crerme, @s lectores que ***comentamos esta…"acertada decisión"…porque somos moit@s, tamén, @s que coñecemos de boa man que os hosteleiros non contarían co beneplácito do Concello na organización dun San Roque "á vella usanza"…Entón…mellor dar imaxe de "salvadores" e "responsables"?????.***

A día de hoxe a maioría dos melidenses sabemos que se polo gremio hostaleiro fora, teriamos non unha semana de festa, senón un mes de troula¡¡¡.A imaxe de responsabilidade podémola ver cada fin de semana nos seus locais¡¡¡.

A Asociación de Empresarios,ata onde unha entende, pois está composta diso,de empresarios,non?.Empresas de todo tipo,que durante esta era Covid viven un presente incerto e xa non pensemos no futuro.

Perruquerías ou centros de beleza que se atopan con eventos aprazados…

Floristerías sen vodas,comuñóns ou festas patronais….

Tendas de moda con moreas de roupa que non teñen saída…

Zapaterías con stock de inverno que se xuntou ca campaña de verán...

Axencias de viaxes con cancelacións tras cancelación…

Fotógrafos que ven coma as contratacións de servicios quedan no aire…

E saben que poderiamos seguir enumerando…

Todos os sectores padecen as consecuencias desta pandemia,entón…porqué só o gremio da hostelería se ergue coma o gran damnificado?.

Non se plantexaron vostedes que,para o resto dos empresarios afirmacións coma a que podemos ler no artigo,, "trátase de desfrutar das festas do San Roque e tamén de apoiar á hostalería e ocio nocturno"pode causar moito dano moral?.

A vida dunha Vila,solo pode subsistir dando pulo ó sector hostalerio?.

Non son empresaria,polo tanto,non me move interese algún en ningún sector comercial en concreto,pero sí saio mercar pola Vila e sí escoito e participo en conversas cos veciñ@s de temas coma o que nos ocupa.

Se buscase "guerra" empregaría as redes sociais tan de moda en denuncias,pero non é o caso. Os melidenses somos xente espabilada,que un non se manifeste non significa que "trague" co que pretenden amosarlle. ***Deixemos os superheroes nos cómics,non teñen cabida nun xornal serio¡¡¡.***

Moit@s son os que opinan coma unha servidora,e só eu me dirixo a vostedes,xa que moit@s tamén opinan que…."para que vas escribir muller,non che publican a nosa opinión…nin de broma¡¡¡

Gracias por adicar este tempo de lectura á miña reflexión.

Seguirei lendo cada número do Cerne que chegue ás miñas mans, e porque non expresalo…agardarei cunha ""chispa" de ilusión o próximo número de Setembro, quen sabe…o mesmo podo presumir ante algúns de que na Directiva deste xornal,valores coma a liberdade de expresión,sí se teñen en conta¡¡¡¡¡¡

MIGUEL PULIDO, ESCALA 5.9 ESPECTÁCULOS

“Creo que a verbena en si vai cambiar o formato, ver grandes formacións gratis vai ser inviable”

Foi un dos sectores máis afectados pola pandemia do coronavirus, pero o traballo debe continuar e para iso nada mellor que seguir dando pasos. Iso é o que fixo Miguel Pulido, de Escala 5.9 Espectáculos, que se decidiu a abrir unha oficina física en Melide hai escasos dous meses. Tras unha temporada completamente perdida –un estudo a nivel autonómico estima as perdas en 300 millóns de euros en todo o sector–, Miguel afronta o futuro con incerteza ao mesmo tempo que pecha as primeiras contratacións para 2021. Vinculado ao mundo do espectáculo dende hai moitos anos, e polo tanto bo coñecedor do mesmo, Miguel xestiona a través de Escala 5.9 Espectáculos un total de 76 orquestras de todo tipo; dende as formacións máis grandes e coñecidas ata os grupos máis pequenos.

- En que consiste exactamente o seu traballo?
- Miguel Pulido (M.P.): Traballamos sobre todo o sector do espectáculo, principalmente as orquestras que é o que máis se leva aquí na zona, pero tamén atraccións, actuacións e todo tipo de espectáculos públicos.

- Estrea oficina en Melide, cal foi o motivo?
- M.P.: Abrimos a oficina a comezos do mes de xullo e decidimos facelo para que a xente tivese unha referencia física a onde acudir. Se tes presenza física, un lugar onde reunirte sempre se traballa mellor. Todos sabemos que moitas comisións de festas reúnense nos locais sociais ou nos bares, e moitas veces neses casos non podes ofrecerlles toda a información que necesitan, ou proporcionarlla tan ben como se estiveses na túa oficina.

- Dedícase a un dos sectores máis afectados pola pandemia do Covid-19, como están as cousas nestes momentos?
- M.P.: O sector agora mesmo está en produción practicamente cero, porque está todo suspendido. Si se está traballando algo para o ano que vén, que hai xa bastante contratado, como arredor do 70%. O aliciente que hai é que as comisións que eran este ano tamén o serán para o que vén, e entón estanse adiantando moito nas contratacións porque xa saben que van ser eles, e ademais porque van ter máis cartos debido a que os de este ano quedaron sen gastar e para o ano volverán a recadar.

- E a xente do sector como está, que lle transmiten?
- M.P.: Transmítenme moitísima preocupación. Por exemplo, xente do ámbito das carpas, que están totalmente a cero, ou das orquestras que tampouco están traballando nada, están preocupados pola situación. E si, hai xente que se puido acoller a un ERTE, pero moitos outros nin iso teñen.

Miguel Pulido e Tania Fisteus na oficina de *Escala 5.9 Espectáculos* en Melide

- Diría que este é o peor momento polo que atravesou o sector do espectáculo?
- M.P.: Si, totalmente. Algo así era impensable. Non hai saída por ningún lado porque aínda que queiras traballar non podes. Da temporada de verán non se salvou absolutamente nada. Está todo a cero, todo está prohibido, o protocolo que hai para festas e verbenas é moi difícil de cumprir, e aínda encima estamos vendo que cada vez hai máis rebrotes, así que é imposible facer algo. Diría que somos o sector máis prexudicado porque fomos dos primeiros en parar e imos ser sempre os últimos en arrancar. E todo isto cando viñamos do mellor momento para as orquestras, que comezaban a estar en auxe de novo.

- Como se presenta 2021?
- M.P.: Realmente o tema contratación vai bastante mellor, preséntase mellor; cal é o problema? Que non sabemos cando vai acabar isto.

- Cal é a primeira actuación que teñen contratada para o vindeiro ano?
- M.P.: Vai haber festas antes, pero agora mesmo a primeira actuación que temos contratada para o vindeiro ano é para o 30 de abril.

- Que faría falta para recuperar a verbena tal e como se concibía antes?
- M.P.: A única solución que eu vexo é que apareza unha vacina e isto acabe. E como iso non vai pasar, eu creo que a verbena en si vai cambiar un pouquiño o formato. Algunhas comisións falan incluso, aspecto que xa fixeron público, que sobre todo grandes formacións como Panorama, París, Olympus ou o Combo, vese moi pouco viable que sexan gratis. É dicir, vai haber moitos sitios nos que para ver a este tipo de orquestras haberá que pagar unha entrada, porque tal e como se desenvolve o modelo actual non é rendible nin viable.

- Acostumados a unha idea de “cultura gratis”, a posibilidade de cobrar unha entrada podería prexudicar ao sector?
- M.P.: Non ten porque ser así. Unha proba xa a temos en Asturias, onde moitos destes concertos celébranse cobrando unha entrada. E en Portugal hai moitos anos que xa se está cobrando unha cantidade mínima, por exemplo cinco euros, por ir a certas verbenas. Con isto non quero dicir que se faga en todas; por exemplo aquí en Melide iso no vai pasar, pero imaxínate nunha aldea pequena que non se enche de xente e na que a comisión de festas si inviste unha cantidade considerable para traer unha formación deste tipo; pois cobrar unha pequena entrada sería a alternativa. De todas formas temos que volver ver a festa de novo, como sae, como vai saír, como vai empezar.
- Tania Fisteus (T.F.): Ao fin e ao cabo é cultura, xa sei que temos interiorizado que esa forma de festa é gratis, pero é cultura, e para acceder á cultura sexa nun teatro, un cine, un musical... ti pagas. E a xente que traballa e vive disto non vive gratis.
- M.P.: E é moita a xente que vive deste sector, non só os que están enriba do escenario. Traballan nisto electricistas, representantes, bares e hostalería, taxistas, fogueteiros, montadores de carpas, atraccións de feira... moitísima xente.

- De continuar a pandemia e poñéndonos no peor, podería chegar a desaparecer o sector?
- M.P.: Se isto segue así, si. Ten en conta que hai moitas formacións que non darían aguantado, non sobrevivirían; xa están agora como están para canto máis dentro de un ano. De feito, un dos problemas que posiblemente vai haber xa para o ano que vén é o de buscar xente, porque a xente que estaba nas orquestras vai buscar traballo noutro lado, como é lóxico, e cando se queiran comezar os ensaios no mes de xaneiro posiblemente xa non haxa xente.

- Teñen prevista algunha iniciativa en breve para dar saída ao espectáculo?
- M.P.: Pódense valorar moitas iniciativas, pero non é fácil. Xa se fixeron probas con público sentado, pero a verbena é o que é. Se pretendemos continuar coa verbena tal e como se concibía ata o de agora ten que ser tal e como se fai, non hai outra alternativa.
-T.F.: É moi complicado, porque ademais aínda que ti poidas ter alternativas ou poidas pensar mil iniciativas ninguén te ampara. Quen che asegura que se vai poder facer algo cando isto está como está; ademais de que nos teñen esquecidos.

- Séntense abandonados e inxustamente sinalados?
- M.P.: Por suposto, sinalados e abandonados. Cando se sacou o protocolo, a Xunta delegou nos Concellos e os Concellos chamaron ás comisións de festas, que se atoparon cunha morea de trabas. Claro, con esa situación colleron medo e decidiron non arriscar e botarse atrás. Que por certo tamén avisamos das consecuencias diso; que a xente se xuntaría pola súa conta e celebraríanse botellóns... e a vista está o que está pasando. E abandonados sentímonos por todas as Administracións. O único que sacamos en claro é que parece ser que o sector da verbena, igual que o do ocio nocturno, está totalmente prohibido.

Escala 5.9 Espectáculos
Tlf: 609 923 888
R/Galicia, 26 - Baixo, Esq. (Melide)

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



Campaña VERANO

Instituto de la Sordera

Revisión Auditiva 2020

GRATIS

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al

Ronda da Coruña 34, Bajo.
C.P. 15800 **MELIDE**

648 75 47 61